

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**5493** *Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.*

I

España está entre os países de Unión Europea cunha distribución da renda entre fogares máis desigual. Aínda que a recente recesión económica deteriorou especialmente os ingresos dos fogares con menos recursos, a alta desigualdade en España precede os anos de recesión, e a recuperación experimentada desde 2013 non a corrixiu substancialmente. En 2018, o último ano para o que a Eurostat ofrece datos comparados, o coeficiente de Gini en España é case tres puntos superior á media da Unión Europea, e os ingresos do vinte por cento dos fogares de renda máis baixa representan só unha sexta parte dos ingresos do vinte por cento con renda máis alta, mentres na Unión Europea esta proporción é só dunha quinta parte.

Estes altos niveis de desigualdade en España acentúanse entre as rendas máis baixas da distribución de ingresos, o que fai que as taxas de pobreza extrema sexan particularmente altas, mesmo para o grao de desigualdade agregada do país. De acordo coa definición do INE e da Eurostat (persoas que viven en fogares onde a renda dispoñible por unidade de consumo é inferior ao 60 por cento da mediana da renda nacional), en España 9,9 millóns de persoas (21 por cento) en 4 millóns de fogares encóntranse en risco de pobreza. Esta alta taxa de pobreza ten unha importante dimensión xeracional, tamén persistente no tempo. Segundo os últimos datos da Enquisa de condicións de vida do Instituto Nacional de Estatística, máis do 26 por cento dos nenos de menos de 16 anos viven en fogares con ingresos inferiores ao limiar da pobreza, unha situación que se agrava aínda máis nos fogares monoparentais, particularmente vulnerables, ademais, á volatilidade de ingresos.

Aínda que as causas destas altas taxas de desigualdade e pobreza son múltiples, un factor común é o débil efecto redistributivo do conxunto da intervención do Estado en España en comparación coa maioría dos países da nosa contorna. Esta debilidade deriva en parte do menor desenvolvemento e financiamento de partidas con claro impacto redistributivo (en especial a ausencia dunha política estatal de garantía última de ingresos, como existe na maior parte dos países europeos), e en parte tamén polo deseño concreto que tomaron as políticas públicas.

Ante esta realidade, foron as comunidades e cidades con estatuto de autonomía as que foron configurando diferentes modelos de políticas de rendas mínimas. Estes sistemas desempeñaron un papel moi relevante para a atención das persoas en situación de vulnerabilidade, tanto nos momentos de crise económica como nas etapas de crecemento. Con todo, trátase de modelos moi diferentes entre si, con variacións moi substanciais no seu deseño e, especialmente, nos seus graos de cobertura e nivel de protección. O resultado foi unha heteroxeneidade significativa no acceso ás prestacións sociais das persoas en situación de necesidade, moitas das cales continúan sen ser suficientemente cubertas polo noso estado do benestar.

Estas debilidades do sistema de garantía de ingresos español foron postas de manifesto de maneira recorrente en informes e recomendacións procedentes das institucións europeas. Así, na recomendación do Consello relativa ao Programa nacional de reformas de 2018 de España, afirmase que «o impacto das transferencias sociais na redución da pobreza está por debaixo da media europea e está a baixar. Os programas de garantía de rendas están marcados por grandes disparidades nas condicións de acceso e entre rexións, e pola fragmentación dos programas destinados a diferentes grupos de individuos en busca de emprego e xestionados por diferentes administracións» (punto 12). Na Recomendación de 2019, afirmase que «a proporción de persoas en risco de pobreza e exclusión social, así como a desigualdade de ingresos, seguen estando por riba da media

da Unión (...). A pobreza infantil, aínda que se está reducindo, segue sendo moi alta. A capacidade das transferencias sociais diferentes das pensións para reducir a pobreza segue sendo das máis baixas da Unión, especialmente entre os nenos. O gasto social en fogares con nenos como proporción do PIB é un dos máis baixos da UE e está mal focalizado. (...) Mentres tanto, os sistemas de ingresos mínimos rexionais presentan grandes disparidades nas condicións de acceso, cobertura e suficiencia (...). Como resultado, moitos dos que están en situación de necesidade non reciben apoio» (punto 14).

Tamén no marco comunitario, o Piar Europeo de Dereitos Sociais, adoptado no Cumio social en favor do emprego xusto e o crecemento, celebrado en Gotemburgo en novembro de 2017, pretende dar aos cidadáns europeos uns dereitos sociais novos e máis efectivos. Este Piar Europeo de Dereitos Sociais establece vinte principios fundamentais, un dos cales (principio 14) está dedicado á renda mínima, en que se sinala que: «Toda persoa que careza de recursos suficientes ten dereito a unhas prestacións de renda mínima adecuadas que garantan unha vida digna ao longo de todas as etapas da vida, así como o acceso a bens e servizos de capacitación. Para as persoas que poden traballar, as prestacións de renda mínima débense combinar con incentivos á (re)integración no mercado laboral».

Xunto a estas recomendacións procedentes do ámbito comunitario, múltiples estudos e reflexións contribuíron nos últimos anos ao debate nacional sobre as carencias do modelo español de garantía de ingresos. Co obxecto de analizar o sistema de garantía de ingresos no noso país, así como as súas necesidades de reforma, no ano 2016, no marco do Programa para o emprego e a innovación social de Unión Europea (eixe «Progreso»), o Goberno de España, a través do daquela Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, elaborou o informe denominado «O sistema de garantía de ingresos en España: tendencias, resultados e necesidades de reforma». Entre outros elementos, este informe sinalaba que o mapa de rendas mínimas en España se caracteriza pola diversidade territorial, debido a que o seu desenvolvemento normativo e financiamento dependen de cada unha das comunidades autónomas. A diversa natureza da norma, as denominacións, flexibilidade dos requisitos de acceso ou intensidade protectora dependen, en boa parte, do modelo de inclusión do territorio en termos de recoñecemento de dereito, desenvolvemento de plans de inclusión, compromiso institucional ou participación de distintos niveis administrativos, departamentos e xestores de programas.

En febreiro de 2017, o Parlamento español tomou en consideración unha iniciativa legislativa popular, por proposta dos sindicatos Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras, co obxectivo de establecer unha prestación de ingresos mínimos. Trátase da primeira proposta relevante neste ámbito, que, sen dúbida, supuxo un forte impulso para o desenvolvemento do ingreso mínimo vital.

O 2 de marzo de 2018, o Consello de Ministros aprobou encargar á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) a realización dunha análise sobre prestacións de ingresos mínimos, que se materializou nun estudo titulado «Os programas de rendas mínimas en España».

Entre outros elementos, o estudo elaborado pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal sinalaba que, a diferenza do que ocorre na maioría dos países europeos, España non conta cunha prestación que cubra o risco xeral de pobreza. Así mesmo, poñía de relevo que o sistema de ingresos mínimos en España está fraccionado e presenta disparidades territoriais. Con carácter xeral, as contías son baixas e falta cobertura.

O estudo advertía que os programas de rendas mínimas poden xerar desincentivos á incorporación ao mercado laboral, especialmente cando unha das condicións de elixibilidade é ser desempleado e que un dos retos máis complexos a que se enfrontan estes programas é o crecemento en todos os países da porcentaxe de traballadores que reciben remuneracións inferiores ao limiar de pobreza.

Por outra banda, co fin de previr e loitar contra a pobreza e a exclusión social en España, mediante o Acordo do Consello de Ministros do 22 de marzo de 2019 aprobouse a Estratexia nacional de prevención e loita contra a pobreza e a exclusión social 2019-2023. Entre outros elementos, a estratexia identifica a redución da desigualdade de rendas entre os principais desafíos das sociedades europeas e en España en particular.

## II

A necesidade da posta en marcha do ingreso mínimo vital como política destinada a corrixir estes problemas viuse acelerada pola crise sanitaria do COVID-19 e o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Ante a gravidade da crise e a rápida evolución dos contaxios, o Congreso dos Deputados, logo de acordo do Consello de Ministros, aprobou a prórroga do estado de alarma en cinco ocasións, a través dos reais decretos 476/2020, do 27 de marzo, 487/2020, do 10 de abril, 492/2020, do 24 de abril, 514/2020, do 8 de maio, e 537/2020, do 22 maio.

As medidas sanitarias de contención supuxeron a restrición da mobilidade e a paralización de numerosos sectores da economía española, co consecuente efecto negativo para a renda dos fogares, dos autónomos e das empresas.

Neste contexto, o Goberno de España veu adoptando unha serie de medidas urxentes orientadas tanto a frear o avance da pandemia como a mitigar os profundos efectos económicos e sociais que a crise sanitaria está a xerar no noso país.

Máis alá do impacto directo sobre a actividade económica, a pandemia desembocou nunha profunda crise social, que afecta especialmente as persoas en situación de vulnerabilidade.

As situacións de crise proxectan os seus efectos máis prexudiciais sobre a poboación máis vulnerable e insegura, que non desfruta dunha estabilidade permanente nos seus ingresos e que, ademais, está insuficientemente atendida pola maior parte das políticas sociais, vinculadas á existencia de relacións estables de emprego.

Por tanto, á vista do exposto anteriormente, a situación de pobreza e desigualdade existente en España e o incremento da vulnerabilidade económica e social ocasionado polo COVID-19 exixen a posta en marcha con carácter urxente dun mecanismo de garantía de ingresos de ámbito nacional. Este mecanismo, articulado a partir do mandato que o artigo 41 da Constitución española outorga ao réxime público da Seguridade Social para garantir a asistencia e prestacións suficientes ante situacións de necesidade, asegura un determinado nivel de rendas a todos os fogares en situación de vulnerabilidade con independencia do lugar de residencia. A esta finalidade responde a presente disposición pola que se aproba o ingreso mínimo vital como prestación económica da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva.

## III

Esta prestación nace co obxectivo principal de garantir, a través da satisfacción dunhas condicións materiais mínimas, a participación plena de toda a cidadanía na vida social e económica, rompendo o vínculo entre ausencia estrutural de recursos e falta de acceso a oportunidades nos ámbitos laboral, educativo ou social dos individuos. A prestación non é por tanto un fin en si mesma, senón unha ferramenta para facilitar a transición dos individuos desde a exclusión social que lles impón a ausencia de recursos cara a unha situación na cal se poidan desenvolver con plenitude na sociedade. Aínda que a situación de privación económica que sofren as persoas ás cales vai dirixida esta medida estea na orixe da súa situación de vulnerabilidade, a forma concreta que tomará a súa inclusión social variará en función das características de cada individuo: para algúns, será o acceso a oportunidades educativas; para outros, a incorporación ao mercado de traballo ou a solución a unha condición sanitaria determinada. Este obxectivo de inclusión condiciona de maneira central o deseño da prestación, que, incorporando as mellores prácticas internacionais, introduce un sistema de incentivos buscando evitar a xeración do que os expertos en política social chamaron «trampas de pobreza», isto é, que a mera existencia de prestación inhiba o obxectivo de inclusión social e económica dos receptores. Para aplicar este sistema de incentivos, resulta fundamental a cooperación coas comunidades autónomas e entidades locais no despregamento duns itinerarios de inclusión flexibles e adaptados a cada situación para os beneficiarios do ingreso mínimo vital, dado que, no exercicio das súas competencias, poden acceder de maneira máis directa ás realidades concretas dos perceptores a través dos servizos

sociais, peza clave na articulación do sistema. O sector privado tamén será copartícipe do deseño destes itinerarios de inclusión e establecerase un selo de inclusión social que acredite a todas aquelas empresas que ofrezan oportunidades de emprego e formación aos perceptores do ingreso mínimo vital.

A centralidade do obxectivo de inclusión que subxace á norma exixirá que os efectos da prestación terán que ser permanente e rigorosamente avaliados unha vez que sexa posta en marcha.

Así entendido, o ingreso mínimo vital non é unha política dirixida a grupos ou individuos concretos, senón que, atendendo a aqueles que nun momento determinado sofren situacións de exclusión e vulnerabilidade, protexe de forma estrutural a sociedade no seu conxunto. Esta política actuará así como un seguro colectivo fronte aos retos que as nosas sociedades enfrontarán no futuro próximo: carreiras laborais máis incertas, novas vulnerabilidades como a posta de manifesto pola crise do COVID-19, transformacións económicas asociadas á robotización ou ao cambio climático e, en xeral, unha maior volatilidade nos ingresos e nos empregos, problemas fronte aos cales case ninguén será inmune, pero que afectarán especialmente os grupos sociais máis vulnerables.

Co obxectivo de evitar duplicidades de cara ao cidadán e a prol dunha maior efectividade da política, a posta en marcha do ingreso mínimo vital exixirá tamén unha progresiva reordenación do conxunto de axudas estatais cuxos obxectivos se solapan cos desta nova política. Este proceso de reaxuste iniciárase coa eliminación da actual prestación da Seguridade Social por fillo ou menor acollido a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento.

A progresiva reorganización das prestacións non contributivas que se deberá abordar nos próximos anos permitirá unha focalización en colectivos particularmente vulnerables que contribúa a unha maior redistribución da renda e da riqueza no noso país.

O modelo de gobernanza compartida que se prefigura nesta norma, en que de forma articulada e coordinada participan as comunidades autónomas e as entidades locais, persegue un dobre obxectivo. Por unha banda, lograr un despregamento máis efectivo da política de cara ao cidadán. A avaliación dos programas de sostemento de rendas noutros contextos identificou como un dos problemas recorrentes o feito de que moitos dos seus potenciais beneficiarios acaban non accedendo a eles, ben pola complexidade dos procedementos, a natureza dos colectivos aos cales vai dirixido ou unha combinación destes factores. A implicación de comunidades autónomas e entidades locais, con especial protagonismo dos servizos sociais, xunto ao papel do terceiro sector, busca maximizar a capilaridade institucional para chegar por diferentes canles a todos os posibles solicitantes, co obxecto de minimizar os problemas de acceso á política pública.

En segundo lugar, a implicación de comunidades autónomas e entidades locais no despregamento da política persegue consolidar a necesaria implicación de todas as institucións no compromiso común de loita contra a pobreza e as desigualdades en todo o territorio, engarzando o lexítimo exercicio do autogoberno no ámbito das políticas sociais das comunidades autónomas coa provisión colectiva dunha rede de protección mínima e común de ingresos garantida pola Seguridade Social.

Finalmente, a colaboración no deseño e a xestión do ingreso mínimo vital entre o Instituto Nacional da Seguridade Social e a Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, por parte do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e a Axencia Estatal de Administración Tributaria, por parte do Ministerio de Facenda, constitúe un paso decisivo cara a un modelo de política social construído sobre a base dunha visión integral da Facenda pública comprensiva tanto dos tributos como das prestacións monetarias, de tal forma que os cidadáns, en función da súa capacidade económica e das súas necesidades vitais, sexan contribuíntes no imposto sobre a renda das persoas físicas ou perceptores de axudas monetarias, evitando redundancias, contradicións e inequidades.

## IV

Desde unha perspectiva de análise da evolución do sistema da Seguridade Social, a creación do ingreso mínimo vital constitúe un fito histórico que vén equilibrar a configuración dun modelo integrado por unha dobre esfera, contributiva e non contributiva, no cal esta segunda foi ata agora un elemento secundario. De aí a importancia da configuración do ingreso mínimo vital como prestación non contributiva da Seguridade Social.

A partir do artigo 41 da nosa Constitución, a doutrina constitucional concibe a Seguridade Social como «unha función do Estado» (STC 37/1994). Dun lado, o Tribunal Constitucional pon de manifesto a estreita vinculación deste precepto co artigo 1 do mesmo texto constitucional no cal se recoñece o carácter social do noso Estado, que propugna a xustiza como valor superior do noso ordenamento así como a súa conexión co artigo 9.2, no cal se recolle o mandato de promoción da igualdade e de remoción dos obstáculos que a dificultan.

Doutro lado, esta caracterización como función do Estado supón que a Seguridade Social ocupa «... unha posición decisiva no remedio de situacións de necesidade...», coa particularidade de que a identificación de tales situacións e o modo en que se articula a súa protección se deberán facer «... tendo en conta o contexto xeral en que se produzan e en conexión coas circunstancias económicas, as dispoñibilidades do momento e as necesidades dos diversos grupos sociais» (STC 65/1987).

Do anterior pódese deducir a transcendencia que para a sociedade española ten a aprobación do ingreso mínimo vital. Porque, máis alá da dimensión conxuntural que unha medida como esta ten no actual contexto de crise provocado pola pandemia, a nova prestación se integra con vocación estrutural dentro do noso sistema de seguridade social reforzando decisivamente o seu contido como garantía institucional «... cuxa preservación se considera indispensable para asegurar os principios constitucionais» (STC 32/1981).

## V

O real decreto lei estrutúrase en nove capítulos, trinta e sete artigos, cinco disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, once disposicións derradeiras e dous anexos.

O capítulo I recolle as disposicións xerais do ingreso mínimo vital e regula o obxecto, o concepto e natureza, así como as súas características.

O principal obxectivo do ingreso mínimo vital será a redución da pobreza, especialmente a pobreza extrema, e a redistribución da riqueza. Ao asegurar un determinado nivel de renda con independencia do lugar de residencia, esta prestación da Seguridade Social promoverá a igualdade efectiva de todos os españois.

O capítulo II ocúpase do ámbito subxectivo do ingreso mínimo vital.

Poderán ser beneficiarias do ingreso mínimo vital as persoas que vivan soas ou os integrantes dunha unidade de convivencia que, con carácter xeral, estará formada por dúas ou máis persoas que residan na mesma vivenda e que estean unidas entre si por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, aínda que se establecen excepcións para considerar determinados supostos, como é o caso das persoas que, sen teren vínculos familiares, comparten vivenda por situación de necesidade. En todo caso, para ter a condición de beneficiario exíxese unha serie de requisitos para o acceso e o mantemento do dereito á prestación.

Regúlase tamén a figura do titular da prestación, que serán as persoas con plena capacidade de obrar que a soliciten e a perciban, en nome propio ou en nome dunha unidade de convivencia, que asumirán tamén, neste último caso, a representación da unidade de convivencia.

En todo caso, o dereito á prestación configúrase en función da situación de vulnerabilidade económica. Para estes efectos, vaise considerar que se dá esta situación cando a media mensual do conxunto de ingresos e rendas anuais computables da persoa beneficiaria individual ou do conxunto de membros da unidade de convivencia, correspondentes ao exercicio anterior, sexa polo menos 10 euros inferior ao nivel de renda



garantida para cada suposto previsto, en función das características da persoa beneficiaria individual ou da unidade de convivencia, e requirirase ademais que o seu patrimonio, excluída a vivenda habitual, sexa inferior aos límites establecidos no real decreto lei.

Prevese, por último, o réxime de compatibilidade do ingreso mínimo vital co emprego, de forma que a percepción desta prestación non desincentive a participación no mercado laboral.

O capítulo III ocúpase da acción protectora.

O ingreso mínimo vital é unha prestación económica de periodicidade mensual que cobre a diferenza entre o conxunto de ingresos que recibe o fogar unipersonal ou a unidade de convivencia durante o ano anterior e a renda garantida determinada polo real decreto lei para cada suposto, que, para o exercicio 2020, se deduce de aplicar a escala establecida no anexo I do real decreto lei.

A renda garantida para un fogar unipersonal é o equivalente ao 100 por cento do importe anual das pensións non contributivas da Seguridade Social vixente en cada momento, dividido por 12. O importe da renda garantida incrementase en función da composición da unidade de convivencia mediante a aplicación dunhas escalas de incrementos.

O ingreso mínimo vital protexe especialmente os fogares monoparentais, ao establecer un complemento de monoparentalidade do 22 por cento da contía mensual da pensión non contributiva unipersonal. Así mesmo, protexe de maneira máis intensa a infancia, ao establecer escalas de equivalencia para os menores superiores ás utilizadas habitualmente neste tipo de prestacións.

Co fin de garantir un determinado nivel de ingresos aos fogares en situación de vulnerabilidade, o ingreso mínimo vital ten carácter indefinido e manterase coa condición de que subsistan as causas que motivaron a súa concesión.

Neste capítulo determínanse, así mesmo, as causas de suspensión e extinción do dereito, as incompatibilidades e o reintegro das prestacións indebidas. Por outra banda, defínense os conceptos de renda e de patrimonio que se terán en conta para o cómputo dos ingresos e da situación patrimonial, a partir do cal se determinará o dereito á prestación do ingreso mínimo vital.

No cómputo de ingresos quedan expresamente excluídas as prestacións autonómicas concedidas en concepto de rendas mínimas. Por tanto, o ingreso mínimo vital configúrase como unha prestación «chan» que se fai compatible coas prestacións autonómicas que as comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias estatutarias, poidan conceder en concepto de rendas mínimas, tanto en termos de cobertura como de xenerosidade. Desta forma, o deseño do ingreso mínimo vital, respectando o principio de autonomía política, permítelles ás comunidades autónomas modularen a súa acción protectora para adecualas ás peculiaridades do seu territorio, á vez que preserva o seu papel como última rede de protección asistencial.

Finalmente, recóllense os mecanismos para acreditar o cumprimento dos requisitos de acceso á prestación.

O capítulo IV regula o procedemento para a solicitude, o inicio da tramitación e resolución do ingreso mínimo vital.

Co obxecto de facilitar a presentación da solicitude, habilitaranse diferentes canles á disposición dos cidadáns. Así mesmo, poderanse subscribir convenios coas comunidades autónomas e entidades locais para a presentación das solicitudes e iniciación e tramitación do expediente, pola súa proximidade e coñecemento da realidade social do seu territorio.

O Instituto Nacional da Seguridade Social será o competente para o recoñecemento e control da prestación, sen prexuízo da posibilidade de subscribir convenios e das disposicións adicionais cuarta e quinta. A tramitación do procedemento realizarase por medios telemáticos.

O capítulo V regula a cooperación entre as administracións públicas.

Inclúese a promoción de estratexias de inclusión das persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital, en coordinación con todas as administracións involucradas. Así mesmo, prevese a sinatura de convenios con outros órganos da Administración, con comunidades autónomas e entidades locais, e estes convenios poderán rexer a

cooperación no procedemento administrativo, no desenvolvemento de estratexias de inclusión ou en calquera outro ámbito de relevancia para os fins do ingreso mínimo vital.

O real decreto lei crea a Comisión de seguimento do ingreso mínimo vital como órgano de cooperación coas comunidades autónomas e entidades locais en materia de inclusión, así como o Consello consultivo do ingreso mínimo vital, como órgano de consulta e participación coas entidades do terceiro sector de acción social e as organizacións sindicais e empresariais.

O capítulo VI determina o réxime de financiamento do ingreso mínimo vital, que se realizará por conta do Estado mediante a correspondente transferencia aos orzamentos da Seguridade Social.

Os capítulos VII e VIII establecen, respectivamente, o réxime de obrigacións e o de infraccións e sancións.

A economía informal prexudica tanto as persoas que traballan desta forma, que en determinados momentos da súa vida se encontrarán sen a protección social necesaria pola falta de cotización previa, como a sociedade no seu conxunto, pola menor recadación impositiva e, por tanto, a diminución da capacidade do Estado para o desenvolvemento das políticas públicas.

O ingreso mínimo vital, ao ser compatible cos rendementos do traballo e estar acompañado dun mecanismo incentivador ao emprego, así como das obrigacións dos beneficiarios de participaren nas estratexias de inclusión que promova o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e de figuraren como demandantes de emprego en caso de non traballaren, brindaralles a oportunidade de se incorporaren á economía formal a persoas e colectivos que tradicionalmente viñeron traballando fóra deste ámbito. A incorporación ao traballo formal e o disfrute dos beneficios sociais e económicos que isto supón actuará en moitos casos como barreira para a volta destas persoas á economía informal, cos beneficios individuais e colectivos que iso comporta para a sociedade no seu conxunto.

No caso do traballo por conta allea, a economía informal non sería posible sen a colaboración necesaria daqueles empresarios que, con esta forma de actuar, perseguen eludir impostos e reducir os custos laborais da súa actividade. Por este motivo, a loita contra a economía informal débese desenvolver nun dobre ámbito: tanto polo lado dos traballadores como polo lado dos empresarios que desempeñan nesta ocasión a figura do cooperador necesario, sen a cal a infracción non sería posible. Por tanto, a redución da economía informal require necesariamente da equiparación do autor da infracción co cooperador necesario, neste caso o empresario, á hora de impoñer a sanción.

Neste sentido, o real decreto lei establece que tanto as persoas titulares e beneficiarias do dereito que cometesen a infracción, como aquelas outras que cooperasen na súa comisión, serán responsables das infraccións tipificadas no real decreto lei.

Así mesmo, e con idéntica finalidade, establécense sancións accesorias como a extinción do dereito ou a imposibilidade de resultar beneficiario no futuro, sen prexuízo do necesario reintegro das cantidades indebidamente percibidas, para os casos de falseamento, ocultación fraudulenta de cambios na situación ou calquera outra actuación fraudulenta que dea lugar ao acceso indebido á prestación, ao seu mantemento ou a un aumento indebido do seu importe.

O capítulo IX regula o réxime de control financeiro desta prestación.

A disposición adicional primeira inclúe un mandato para establecer regulamentariamente o selo de inclusión social, co cal se distinguirán aqueles empregadores de beneficiarios do ingreso mínimo vital que contribúan ao tránsito dos beneficiarios do ingreso mínimo vital desde unha situación de risco de pobreza e exclusión á participación activa na sociedade.

A disposición adicional segunda prevé a inclusión das prestacións do ingreso mínimo vital no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.

A disposición adicional terceira regula o crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para financiar o ingreso mínimo vital no exercicio 2020.

A disposición adicional cuarta recolle o estudo por parte do Goberno da celebración de convenios con comunidades autónomas que establezan fórmulas de xestión da prestación.

A disposición adicional quinta regula a aplicación do real decreto lei nos territorios forais, en atención á especificidade das facendas forais. Así, establécese que os ditos territorios asuman as funcións e os servizos que o real decreto lei atribúe ao Instituto Nacional da Seguridade Social e prevese que, mentres non se asuman as ditas funcións, se asine unha encomenda de xestión.

A disposición transitoria primeira determina a prestación transitoria do ingreso mínimo vital durante 2020, para os beneficiarios da asignación económica por fillo ou menor a cargo, sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, que cumpran determinados requisitos e cuxa asignación económica sexa inferior ao importe da prestación do ingreso mínimo vital.

A partir do 31 de decembro de 2020, os beneficiarios que manteñan os requisitos que deron lugar ao recoñecemento da prestación transitoria pasarán a ser beneficiarios do ingreso mínimo vital. Apreciadas nestes momentos circunstancias de extraordinaria necesidade derivadas da crise sanitaria que requiren a súa cobertura urxente, o Instituto Nacional da Seguridade Social recoñecerá a prestación transitoria do ingreso mínimo vital aos actuais beneficiarios da prestación económica por fillo ou menor a cargo do sistema da Seguridade Social que reúnan determinados requisitos. Para a comprobación dos ditos requisitos, de forma extraordinaria, como excepción ao artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, non se considerará necesario solicitar o consentimento para a tramitación da prestación económica por fillo ou menor a cargo, na medida en que a prestación transitoria do ingreso mínimo vital supón unha mellora nela.

A disposición transitoria segunda regula o día a partir do cal se poderán presentar solicitudes e o momento a partir do cal se devindica a prestación.

A disposición transitoria terceira prevé un procedemento excepcional relacionado directamente coa situación económica xerada a raíz da pandemia do COVID-19, que ten por obxecto asegurar que o ingreso mínimo vital chegue con urxencia ás persoas e aos fogares que máis o necesitan e que máis están padecendo as consecuencias da crise. Así, permítese o recoñecemento da prestación para as solicitudes cursadas durante 2020 tendo en conta a situación de ingresos durante este ano, en lugar dos ingresos do ano anterior, co obxecto de poder ter en conta as situacións de vulnerabilidade xeradas polas consecuencias económicas e sociais que está a ocasionar o COVID-19. En particular, para efectos de acreditar provisionalmente o cumprimento do requisito de rendas, consideraranse os ingresos que tivese a persoa ou unidade de convivencia durante este ano, coa condición de que no exercicio anterior non supere a metade dos límites de patrimonio establecidos de forma xeral para as citadas unidades de convivencia e cuxos ingresos non superen en máis do 50 por cento os límites establecidos para toda a unidade de convivencia no exercicio 2019, nos termos establecidos neste real decreto lei.

A disposición transitoria cuarta prevé que, ata o 31 de decembro e con carácter excepcional, o control sobre o recoñecemento do dereito e da obrigaición dos expedientes da prestación non contributiva do ingreso mínimo vital será exclusivamente a de control financeiro permanente.

A urxente necesidade de pagar estas prestacións, ante a necesidade social derivada da crise do COVID-19, fai que os prazos de implementación sexan extraordinariamente breves, o que dificulta o desenvolvemento dos sistemas informáticos adecuados, así como reordenar os procedementos de control.

A disposición transitoria quinta, pola súa banda, regula unha exención do pagamento de prezos públicos por servizos académicos universitarios do curso académico 2020/21 para aqueles aos cales se lles recoñeza a prestación do ingreso mínimo vital entre os meses de xuño e decembro de 2020 e que, tendo solicitado unha bolsa da Administración xeral do Estado para cursaren estudos postobrigatorios, non a obteñan por superaren os limiares de renda e patrimonio. A situación socioeconómica provocada polo COVID-19 xustifica a adopción de medidas para fomentar o acceso ao ensino superior público. A obtención dunha bolsa para a realización de estudos conducentes á obtención dun título



universitario de carácter oficial comporta, con carácter xeral, a exención do pagamento dos prezos públicos polos ditos servizos académicos. No entanto, o contexto actual demanda medidas extraordinarias para evitar o abandono escolar de persoas que se visen gravemente afectadas pola pandemia.

A disposición transitoria sexta regula o réxime de financiamento do ingreso mínimo vital durante 2020, especificando que se dotarán, mediante modificación orzamentaria, os créditos orzamentarios que resulten adecuados para o financiamento do ingreso mínimo vital.

A disposición transitoria sétima regula a integración da prestación por fillo ou menor a cargo na prestación do ingreso mínimo vital. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei non se poderán presentar novas solicitudes para a asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, sen prexuízo de que as persoas beneficiarias que en 31 de decembro de 2020 non cumpran os requisitos para seren beneficiarias do ingreso mínimo vital poderán exercer o dereito de opción para volver á asignación económica por fillo ou menor a cargo do sistema da Seguridade Social.

Así mesmo, precísase o réxime transitorio aplicable ás persoas beneficiarias da asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento.

A disposición derogatoria única dispón a derogación de cantas normas se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

A disposición derradeira primeira modifica o Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, co obxecto de que se incorpore desde o momento da súa posta en marcha a prestación económica do ingreso mínimo vital.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para incluír a prestación do ingreso mínimo vital dentro da relación de créditos incluídos nos orzamentos da Seguridade Social que se consideran ampliables na contía resultante das obrigacións que se recoñezan e liquiden.

A disposición derradeira terceira modifica o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, para incluír as persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital entre as persoas que se encontran exentas da achega dos usuarios á prestación farmacéutica ambulatoria.

A disposición derradeira cuarta modifica o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, co obxecto de incluír a prestación do ingreso mínimo dentro da acción protectora do sistema da Seguridade Social e de incorporar as necesarias obrigacións de facilitación de datos para o recoñecemento, a xestión e a supervisión da prestación por parte do Ministerio de Facenda, comunidades autónomas, deputacións forais, Ministerio do Interior, mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, Instituto de Maiores e Servizos Sociais e organismos competentes autonómicos. Así mesmo, suprímese a asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento porque esta prestación se integrará no ingreso mínimo vital.

A disposición derradeira quinta modifica a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, para a creación da tarxeta social dixital, co obxectivo de mellorar e coordinar as políticas de protección social impulsadas polas diferentes administracións públicas.

A disposición derradeira sexta pretende incentivar a participación das entidades locais na iniciación e instrución do procedemento do ingreso mínimo vital, posibilitando que os gastos que deriven do desenvolvemento destas funcións se poidan financiar con cargo ao superávit previsto ao pechar o exercicio, e prevendo que para efectos de determinar, en relación co exercicio 2020, a situación de incumprimento das regras de estabilidade orzamentaria se terá en consideración, con carácter excepcional, se aquela estivo causada por estes gastos.

A disposición derradeira sétima autoriza o Goberno para actualizar os valores, escalas e porcentaxes do real decreto lei cando, atendendo á evolución das circunstancias sociais e económicas e das situacións de vulnerabilidade, así como ás avaliacións periódicas da

AIReF, se aprecie a necesidade da dita modificación co fin de que a prestación poida manter a súa acción protectora dirixida a previr o risco de pobreza, lograr a inclusión social e suplir as carencias de recursos económicos para a cobertura de necesidades básicas.

A disposición derradeira oitava recolle a cláusula de salvagarda para a modificación que se efectúa do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, co fin de que o ingreso mínimo vital se incorpore no dito rexistro desde o momento da súa posta en marcha.

A disposición derradeira novena establece o título competencial e a disposición derradeira décima introduce unha habilitación para desenvolvemento regulamentario.

Finalmente, a disposición derradeira décimo primeira determina a entrada en vigor do real decreto lei, que terá lugar o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

## VI

A adopción de medidas de carácter económico mediante real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorra unha motivación explícita e razoada da necesidade –entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta– e da urxencia –asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 de xullo, F. 3), auxiliar nunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

O impacto económico e social que a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 está a exercer sobre as persoas en situación de vulnerabilidade, e o risco de cronificación e aumento da pobreza no futuro, de non se adoptaren medidas con carácter inmediato, poñen de manifesto a concorrencia dos motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar a norma reguladora do ingreso mínimo vital.

Aínda que aínda é moi pronto para dispoñer de datos estatísticos sobre o impacto do COVID-19 nas taxas de pobreza do noso país, informes e comunicados emitidos por algunhas institucións poñen de manifesto que a perda de ingresos motivada pola emerxencia sanitaria afectou máis intensamente os fogares que antes da crise xa tiñan ingresos moi baixos.

Neste sentido, Cáritas alerta dos efectos sociais que esta emerxencia sanitaria creada polo coronavirus pode producir nas familias en situación de pobreza e exclusión que, segundo datos da Fundación Fomento de Estudos Sociais y Sociología Aplicada (Foessa), é de 8,5 millóns de persoas, o 18,4% da poboación española. De entre os 8,5 millóns de persoas que se encontran en exclusión social, hai un grupo de 1,8 millóns de persoas que acumulan tal cantidade de problemas e necesidades que serán as primeiras en notar a parada brusca e total da nosa economía.

Pola súa banda, a Cruz Vermella sinala que máis de 12 millóns de persoas en España, máis do 26% da poboación, se encontran en risco de pobreza ou exclusión social e que as que actualmente se encontran illadas e en confinamento son as que están vivindo unha situación de maior vulnerabilidade.

Desde a Federación Española de Bancos de Alimentos (Fesbal) indican que, como consecuencia da anterior crise económica, chegaron a atender un millón setecentas mil persoas nos peores anos, máis do dobre das que atendían ata entón, e temen que agora a situación acabe sendo moi parecida ou mesmo peor. En apenas un par de meses a demanda de alimentos disparouse un 30%.

Porque no actual escenario de contención e prevención do COVID-19 é tan urxente e necesario atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública como adoptar medidas de contido económico e social para afrontar as súas consecuencias na cidadanía e, en particular, nos colectivos vulnerables.

Nesta liña de razoamento, e seguindo a doutrina constitucional (STC 61/2018), cabe argumentar que recorrer ao decreto lei para a creación do ingreso mínimo vital ten unha dobre motivación, cada unha das cales, por si soa, serviría para xustificar a iniciativa.

Por unha banda, lémbraos a citada sentenza que o uso do decreto lei veuse aceptando en situacións que se cualificaron como «conxunturas económicas problemáticas». E parece evidente que a magnitude da traxedia pola perda de vidas humana e as devastadoras consecuencias sociais e económicas derivadas da necesaria adopción de medidas para a contención da pandemia xustifican suficientemente a actuación normativa de urxencia.

Pero tamén admitiu, doutra banda, «... que o feito de que se considere unha reforma estrutural non impide, por si soa, a utilización da figura do decreto lei, pois o posible carácter estrutural do problema que se pretende atallar non exclúe que o dito problema se poida converter nun momento dado nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade que xustifique a aprobación dun decreto lei, o que deberá ser determinado atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso (STC 137/2011, FX 6; reiterado na SSTC 183/2014, FX 5; 47/2015, FX 5, e 139/2016, FX 3)». Tal apreciación parece particularmente aplicable a unha iniciativa como esta na cal se incorpora unha nova prestación, cun número potencial de beneficiarios moi importante, ao sistema da Seguridade Social, verdadeira columna vertebral do noso estado social e democrático de dereito.

En suma, dentro do xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3), os motivos de oportunidade que se acaban de expoñer xustifican ampla e razoadamente a adopción desta norma, ao responder á finalidade lexítima de aprobar medidas que contribúan a abordar de forma inmediata o gravísimo impacto económico e social provocado polo COVID-19 (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Cómpre sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Á vista do exposto anteriormente, concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para recorrer ao instrumento xurídico do real decreto lei.

Este real decreto lei responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, polo que o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, ao ser coherente co resto do ordenamento xurídico.

En relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón cargas administrativas que non estean xustificadas para a consecución dos seus fins.

Exceptúanse os trámites de consulta pública e de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Porén, co fin de garantir a coordinación e a adecuación da norma á realidade territorial, levouse a cabo un intenso diálogo coas comunidades e cidades autónomas, así como coa Federación Española de Municipios e Provincias. Así mesmo, incluíuse no diálogo social cos axentes sociais e desenvolveuse un amplo proceso de consulta con numerosas entidades do terceiro sector de acción social.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup>, 17.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado;

lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social; e bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto lei ten por obxecto a creación e regulación do ingreso mínimo vital como prestación dirixida a previr o risco de pobreza e exclusión social das persoas que vivan soas ou integradas nunha unidade de convivencia cando se encontren nunha situación de vulnerabilidade por careceren de recursos económicos suficientes para a cobertura das súas necesidades básicas.

#### Artigo 2. *Concepto e natureza.*

1. O ingreso mínimo vital configúrase como o dereito subxectivo a unha prestación de natureza económica que garante un nivel mínimo de renda a quen se atope en situación de vulnerabilidade económica nos termos que se definen no presente real decreto lei. A través deste instrumento perséguese garantir unha mellora de oportunidades reais de inclusión social e laboral das persoas beneficiarias.

2. En desenvolvemento do artigo 41 da Constitución española, e sen prexuízo das axudas que poidan establecer as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias, o ingreso mínimo vital forma parte da acción protectora do sistema da Seguridade Social como prestación económica na súa modalidade non contributiva.

#### Artigo 3. *Características.*

O ingreso mínimo vital presenta as seguintes características:

a) Garante un nivel mínimo de renda mediante a cobertura da diferenza existente entre a suma dos recursos económicos de calquera natureza de que dispoña a persoa beneficiaria individual ou, de ser o caso, os integrantes dunha unidade de convivencia, e a contía de renda garantida para cada suposto nos termos do artigo 10.

b) Artículase na súa acción protectora diferenciando segundo se dirixa a un beneficiario individual ou a unha unidade de convivencia; neste caso, atendendo á súa estrutura e características específicas.

c) É unha prestación cuxa duración se prolongará mentres persista a situación de vulnerabilidade económica e se manteñan os requisitos que orixinaron o dereito á súa percepción.

d) Configúrase como unha rede de protección dirixida a permitir o tránsito desde unha situación de exclusión a unha de participación na sociedade. Conterá para iso no seu deseño incentivos ao emprego e á inclusión, articulados a través de distintas fórmulas de cooperación entre administracións.

e) É intransferible. Non se poderá ofrecer en garantía de obrigacións nin ser obxecto de cesión total ou parcial, compensación ou desconto, retención ou embargo, salvo nos supostos e cos límites previstos no artigo 44 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

## CAPÍTULO II

**Ámbito subxectivo de aplicación**Artigo 4. *Persoas beneficiarias.*

## 1. Poderán ser beneficiarias do ingreso mínimo vital:

a) As persoas integrantes dunha unidade de convivencia nos termos establecidos neste real decreto lei.

b) As persoas de polo menos 23 anos e menores de 65 anos que viven soas ou que, compartindo domicilio cunha unidade de convivencia nos supostos do artigo 6.2.c), non se integran nela, sempre que concorran as seguintes circunstancias:

1.º Non estar unidas a outra por vínculo matrimonial ou como parella de feito nos termos definidos no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo, 8/2015, do 30 de outubro, salvo as que iniciasen os trámites de separación ou divorcio ou as que se encontren noutras circunstancias que se poidan determinar regulamentariamente, ás cales non se lles exixirá o cumprimento desta circunstancia.

2.º Non formar parte doutra unidade de convivencia, de conformidade co previsto no presente real decreto lei.

Non se exixirá o cumprimento dos requisitos de idade, nin os previstos nos ordinais 1º e 2º desta letra, nos supostos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual.

2. Non poderán ser beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital as persoas usuarias dunha prestación de servizo residencial, de carácter social, sanitario ou sociosanitario, con carácter permanente e financiada con fondos públicos, salvo no suposto de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual, así como outras excepcións que se establezan regulamentariamente.

3. As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos de acceso á prestación establecidos no artigo 7, así como as obrigacións para o mantemento do dereito establecidas no artigo 33.

Artigo 5. *Titulares do ingreso mínimo vital.*

1. Son titulares desta prestación as persoas con plena capacidade de obrar que a soliciten e a perciban, en nome propio ou en nome dunha unidade de convivencia. Neste último caso, a persoa titular asumirá a representación da citada unidade.

A solicitude deberá ir asinada, de ser o caso, por todos os integrantes da unidade de convivencia maiores de idade que non se encontren incapacitados xudicialmente.

2. As persoas titulares, cando estean integradas nunha unidade de convivencia, deberán ter unha idade mínima de 23 anos, ou ser maiores de idade ou menores emancipadas en caso de ter fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente, e deberán ser menores de 65 anos. Excepcionalmente, cando a unidade de convivencia estea integrada só por maiores de 65 anos e menores de idade ou incapacitados xudicialmente, será titular o maior de 65 anos que solicite a prestación.

En caso de non se integrar nunha unidade de convivencia, a idade mínima da persoa titular será de 23 anos, salvo nos supostos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual, nos cales se exixirá que a persoa titular sexa maior de idade.

3. No caso de que nunha unidade de convivencia existan varias persoas que poidan ter tal condición, será considerada titular a persoa á cal se lle recoñeza a prestación solicitada en nome da unidade de convivencia.



4. Nos termos que se establezan regulamentariamente, a entidade xestora poderá acordar o pagamento da prestación a outro dos membros da unidade de convivencia distinto do titular.

5. Nun mesmo domicilio poderá haber un máximo de dous titulares.

#### Artigo 6. *Unidade de convivencia.*

1. Considérase unidade de convivencia a constituída por todas as persoas que residan nun mesmo domicilio e que estean unidas entre si por vínculo matrimonial ou como parella de feito nos termos do artigo 221.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, ou por vínculo ata o segundo grao de consanguinidade, afinidade, adopción, e outras persoas con que convivan en virtude de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

O falecemento dalgunha das persoas que constitúen a unidade de convivencia non alterará a consideración de tal, aínda que o dito falecemento supoña a perda, entre os supéstitos, dos vínculos previstos no punto anterior.

2. Como excepción ao punto anterior, tamén terá a consideración de unidade de convivencia para os efectos previstos neste real decreto lei:

a) A constituída por unha persoa vítima de violencia de xénero que abandonase o seu domicilio familiar habitual acompañada dos seus fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente e os seus familiares ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade.

b) A constituída por unha persoa acompañada dos seus fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente e os seus familiares ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, que iniciase os trámites de separación ou divorcio.

c) A formada por dúas ou máis persoas de polo menos 23 anos e menores de 65 que, sen manteren entre si unha relación das consignadas neste precepto, habiten nun mesmo domicilio nos termos que regulamentariamente se determinen. Nos casos en que unha ou varias persoas comparten vivenda cunha unidade de convivencia, entenderase que non forman parte desta para efectos da prestación e considerárase a existencia de dúas unidades de convivencia, unha formada polas persoas que carecen de vínculo entre si e outra a constituída polos membros dunha familia ou, de ser o caso, dunha unidade de convivencia constituída polos membros da familia ou relación análoga e unha persoa beneficiaria individual.

3. Considerárase que non rompe a convivencia a separación transitoria por razón de estudos, traballo, tratamento médico, rehabilitación ou outras causas similares.

Para ese efecto, é requisito para a consideración de integrante da unidade de convivencia a residencia efectiva, legal e continuada en España.

4. En ningún caso unha mesma persoa poderá formar parte de dúas ou máis unidades de convivencia.

#### Artigo 7. *Requisitos de acceso.*

1. Todas as persoas beneficiarias, estean ou non integradas nunha unidade de convivencia, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Teren residencia legal e efectiva en España e térena de forma continuada e ininterrompida durante polo menos o ano inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude. Non se exixirá este requisito respecto:

1.º Dos menores incorporados á unidade de convivencia por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

2.º Das persoas vítimas de trata de seres humanos e de explotación sexual, que acreditarán esta condición a través dun informe emitido polos servizos públicos encargados da atención integral a estas vítimas ou polos servizos sociais, así como por calquera outro medio de acreditación que se desenvolva regulamentariamente.

3.º Das mulleres vítimas de violencia de xénero. Esta condición acreditarase por calquera dos medios establecidos no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Para efectos do mantemento do dereito a esta prestación, entenderase que unha persoa ten a súa residencia habitual en España mesmo cando tivese estadias no estranxeiro, sempre que estas non superen os noventa días naturais ao longo de cada ano natural, ou cando a ausencia do territorio español estea motivada por causas de enfermidade debidamente xustificadas.

b) Encontrárense en situación de vulnerabilidade económica por carecer de rendas, ingresos ou patrimonio suficientes, nos termos establecidos no artigo 8.

c) Solicitaren as pensións e prestacións vixentes a que poidan ter dereito, nos termos que se fixen regulamentariamente. Quedan exceptuados os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.

d) Se non están traballando e son maiores de idade ou menores emancipados, figuraren inscritas como demandantes de emprego, salvo nos supostos que se determinen regulamentariamente.

2. As persoas beneficiarias a que se refiren o artigo 4.1.b) e o artigo 6.2.c) deberán ter vivido de forma independente durante polo menos tres anos antes da solicitude do ingreso mínimo vital.

Entenderase que unha persoa viviu de forma independente se permaneceu en situación de alta en calquera dos réximes que integran os sistema da Seguridade Social durante polo menos doce meses, continuados ou non, e sempre que acredite que o seu domicilio foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolletores durante tres anos inmediatamente anteriores á solicitude.

Este requisito non se exixirá ás persoas que, por seren vítimas de violencia de xénero, abandonasen o seu domicilio habitual, ás que iniciasen os trámites de separación ou divorcio ou ás que se encontren noutras circunstancias que poidan determinarse regulamentariamente.

3. Cando as persoas beneficiarias formen parte dunha unidade de convivencia, exixirase que esta estea constituída, nos termos do artigo 6, durante polo menos o ano anterior á presentación da solicitude, de forma continuada.

Este requisito non se exixirá nos casos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente de menores, nos supostos a) e b) do artigo 6.2, nos supostos de mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata de seres humanos e explotación sexual, ou noutros supostos xustificados, que se poidan determinar regulamentariamente.

4. Os requisitos relacionados nos puntos anteriores deberán cumprirse no momento de presentación da solicitude ou ao tempo de solicitar a súa revisión, e manterse ao ditarse a resolución e durante o tempo de percepción do ingreso mínimo vital.

#### Artigo 8. *Situación de vulnerabilidade económica.*

1. Para a determinación da situación de vulnerabilidade económica a que se refire o artigo 7, tomarase en consideración a capacidade económica da persoa solicitante beneficiaria individual ou, de ser o caso, da unidade de convivencia no seu conxunto, e computaranse os recursos de todos os seus membros.

2. Apreciarase que concorre este requisito cando a media mensual do conxunto de ingresos e rendas anuais computables da persoa beneficiaria individual ou do conxunto de membros da unidade de convivencia, correspondentes ao exercicio anterior, nos termos establecidos no artigo 18, sexa inferior, polo menos en 10 euros, á contía mensual da renda garantida con esta prestación que corresponda en función da modalidade e do número de membros da unidade de convivencia nos termos do artigo 10.

Para efectos deste real decreto lei, non computarán como ingresos os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas, e outros ingresos e rendas de acordo co previsto no artigo 18.

3. Non se apreciará que concorre este requisito cando a persoa beneficiaria individual sexa titular dun patrimonio valorado, de acordo cos criterios que se recollen no artigo 18 deste real decreto lei, nun importe igual ou superior a tres veces a contía correspondente de renda garantida polo ingreso mínimo vital para unha persoa beneficiaria individual. No caso das unidades de convivencia, entenderase que non concorre este requisito cando sexan titulares dun patrimonio valorado nun importe igual ou superior á contía resultante de aplicar a escala de incrementos que figura no anexo II.

Igualmente quedarán excluídas do acceso ao ingreso mínimo vital, independentemente da valoración do patrimonio, as persoas beneficiarias individuais ou as persoas que se integren nunha unidade de convivencia en que calquera dos seus membros sexa administrador de dereito dunha sociedade mercantil.

4. Co fin de que a percepción do ingreso mínimo vital non desincentive a participación no mercado laboral, a percepción do ingreso mínimo vital será compatible coas rendas do traballo ou a actividade económica por conta propia da persoa beneficiaria individual ou, de ser o caso, dun ou de varios membros da unidade de convivencia nos termos e cos límites que regulamentariamente se establezan. Nestes casos, estableceranse as condicións en que a superación nun exercicio dos límites de rendas establecidos no punto 2 deste artigo por esta causa non supoña a perda do dereito á percepción do ingreso mínimo vital no exercicio seguinte. Este desenvolvemento regulamentario, no marco do diálogo coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, prestará especial atención á participación das persoas con discapacidade e das familias monoparentais.

5. Regulamentariamente poderanse establecer, para supostos excepcionais de vulnerabilidade que sucedan no mesmo exercicio, os supostos e condicións en que poderán computar os ingresos e rendas do exercicio en curso para os efectos de acceso a esta prestación.

### CAPÍTULO III

#### Acción protectora

##### Artigo 9. *Prestación económica.*

O ingreso mínimo vital consistirá nunha prestación económica que se fixará e se fará efectiva mensualmente nos termos establecidos neste real decreto lei e nas súas normas de desenvolvemento.

##### Artigo 10. *Determinación da contía.*

1. A contía mensual da prestación do ingreso mínimo vital que corresponde á persoa beneficiaria individual ou á unidade de convivencia virá determinada pola diferenza entre a contía da renda garantida, segundo o establecido no punto seguinte, e o conxunto de todas as rendas e ingresos da persoa beneficiaria ou dos membros que compoñen esa unidade de convivencia do exercicio anterior, nos termos establecidos nos artigos 8, 13 e 17, sempre que a contía resultante sexa igual ou superior a 10 euros mensuais.

2. Para os efectos sinalados no punto anterior, considérase renda garantida:

a) No caso dunha persoa beneficiaria individual, a contía mensual de renda garantida ascenderá ao 100 por cento do importe anual das pensións non contributivas fixada anualmente na lei de orzamentos xerais do Estado, dividido por doce.

b) No caso dunha unidade de convivencia, a contía mensual da letra a) incrementarase nun 30 por cento por membro adicional a partir do segundo ata un máximo do 220 por cento.

c) Á contía mensual establecida na letra b) sumarase un complemento de monoparentalidade equivalente a un 22 por cento da contía establecida na letra a) no caso de que a unidade de convivencia sexa monoparental. Para os efectos de determinar a contía da prestación, entenderase por unidade de convivencia monoparental a constituída por un só adulto con un ou máis fillos menores cos cales conviva, ou un ou máis menores en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción ao seu cargo, cando constitúe o sustentador único da unidade de convivencia.

3. Determinarase regulamentariamente o posible incremento das contías fixadas nos parágrafos anteriores cando se acrediten gastos de alugueiro da vivenda habitual superiores ao 10 por cento da renda garantida que corresponda, na súa contía anual, en función do tamaño e configuración da unidade de convivencia.

4. Cando os mesmos fillos ou menores ou maiores incapacitados xudicialmente formen parte de distintas unidades familiares en supostos de custodia compartida establecida xudicialmente, considerarase, para efectos da determinación da contía da prestación, que forman parte da unidade onde se encontren domiciliados.

5. Para o exercicio 2020, a contía anual de renda garantida no caso dunha persoa beneficiaria individual ascende a 5.538 euros. Para a determinación da contía aplicable ás unidades de convivencia, aplicarase a escala establecida no anexo I sobre a base da contía correspondente a unha persoa beneficiaria individual.

#### Artigo 11. *Dereito á prestación e pagamento.*

1. O dereito á prestación do ingreso mínimo vital nacerá a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data de presentación da solicitude.

2. O pagamento será mensual e realizarase mediante transferencia bancaria a unha conta do titular da prestación, de acordo cos prazos e procedementos establecidos no Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 696/2018, do 29 de xuño.

#### Artigo 12. *Duración.*

1. O dereito a percibir a prestación económica do ingreso mínimo vital manterase mentres subsistan os motivos que deron lugar á súa concesión e se cumpran os requisitos e as obrigacións previstos neste real decreto lei.

2. Sen prexuízo do anterior, todas as persoas beneficiarias, integradas ou non nunha unidade de convivencia, estarán obrigadas a poñer en coñecemento da entidade xestora competente, no prazo de trinta días naturais, aquelas circunstancias que afecten o cumprimento dos requisitos ou das obrigacións establecidos neste real decreto lei.

#### Artigo 13. *Modificación e actualización da contía da prestación.*

1. O cambio nas circunstancias persoais, económicas ou patrimoniais da persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital, ou dalgún dos membros da unidade de convivencia, poderá comportar a diminución ou o aumento da prestación económica mediante a revisión correspondente por parte da entidade xestora.

2. A modificación terá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ao da data en que se producise o feito causante da modificación e será de aplicación o disposto no artigo 129 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

3. En calquera caso, a contía da prestación actualizarase con efectos do día 1 de xaneiro de cada ano, tomando como referencia os ingresos anuais computables do exercicio anterior. Cando a variación dos ingresos anuais computables do exercicio anterior motive a extinción da prestación, esta producirá igualmente efectos a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel a que correspondan os ditos ingresos.

Artigo 14. *Suspensión do dereito.*

1. O dereito ao ingreso mínimo vital suspenderase polas seguintes causas:
  - a) Perda temporal dalgún dos requisitos exixidos para o seu recoñecemento.
  - b) Incumprimento temporal por parte da persoa beneficiaria, do titular ou dalgún membro da súa unidade de convivencia das obrigacións asumidas ao acceder á prestación.
  - c) Cautelarmente en caso de indicios de incumprimento por parte da persoa beneficiaria, do titular ou dalgún membro da súa unidade de convivencia dos requisitos establecidos ou das obrigacións asumidas ao acceder á prestación, cando así o resolva a entidade xestora.

En todo caso, procederase á suspensión cautelar no caso de traslado ao estranxeiro por un período, continuado ou non, superior a noventa días naturais ao ano, sen comunicarllo á entidade xestora con antelación nin estar debidamente xustificado.

- d) Incumprimento das condicións asociadas á compatibilidade do ingreso mínimo vital coas rendas do traballo ou a actividade económica por conta propia a que se refire o artigo 8.4, de acordo co que se estableza regulamentariamente.
  - e) Calquera outra causa que se determine regulamentariamente.

2. A suspensión do dereito ao ingreso mínimo vital implicará a suspensión do pagamento da prestación a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que se produzan as causas de suspensión ou a aquel en que teña coñecemento a entidade xestora competente, e sen prexuízo da obrigaón de reintegro das cantidades indebidamente percibidas. A suspensión manterase mentres persistan as circunstancias que desen lugar a ela.

Se a suspensión se mantén durante un ano, o dereito á prestación quedará extinguido.

3. Desaparecidas as causas que motivaron a suspensión do dereito, procederase de oficio ou por instancia de parte a restablecer o dereito sempre que se manteñan os requisitos que deron lugar ao seu recoñecemento. En caso contrario, procederase á modificación ou extinción do dereito segundo proceda.

4. A prestación devindicarase a partir do día 1 do mes seguinte á data en que decaesen as causas que motivaron a suspensión.

Artigo 15. *Extinción do dereito.*

1. O dereito á prestación do ingreso mínimo vital extinguirase polas seguintes causas:
  - a) Falecemento da persoa titular. No entanto, cando se trate de unidades de convivencia, calquera outro membro que cumpra os requisitos establecidos no artigo 6 poderá presentar unha nova solicitude no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao da data do falecemento para o recoñecemento, de ser o caso, dun novo dereito á prestación en función da nova composición da unidade de convivencia. Os efectos económicos do dereito que poida corresponder á unidade de convivencia en función das súas novas circunstancias produciranse a partir do día primeiro do mes seguinte á data do falecemento, sempre que se solicite dentro do prazo sinalado.
  - b) Perda definitiva dalgún dos requisitos exixidos para o mantemento da prestación.
  - c) Resolución ditada nun procedemento sancionador, que así o determine.
  - d) Saída do territorio nacional sen comunicación nin xustificación á entidade xestora durante un período, continuado ou non, superior a noventa días naturais ao ano.
  - e) Renuncia do dereito.
  - f) Suspensión dun ano nos termos do artigo 14.2.
  - g) Incumprimento reiterado das condicións asociadas á compatibilidade do ingreso mínimo vital coas rendas do traballo ou a actividade económica por conta propia a que se refire o artigo 8.4, de acordo co que se estableza regulamentariamente.
  - h) Calquera outra causa que se determine regulamentariamente.



2. A extinción do dereito á prestación producirá efectos desde o primeiro día do mes seguinte á data en que concorran as causas extintivas.

Artigo 16. *Incompatibilidade do ingreso mínimo vital coa asignación por fillo ou menor a cargo.*

A percepción da prestación do ingreso mínimo vital será incompatible coa percepción da asignación económica por fillo ou menor acollido a cargo, sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, cando exista identidade de causantes ou beneficiarios desta, sen prexuízo da posibilidade de exercer o dereito de opción por unha delas.

Artigo 17. *Reintegro de prestacións indebidamente percibidas.*

1. O Instituto Nacional da Seguridade Social poderá revisar de oficio, en prexuízo dos beneficiarios, os actos relativos á prestación do ingreso mínimo vital, sempre que a dita revisión se efectúe dentro do prazo máximo de catro anos desde que se ditase a resolución administrativa que non tiver sido impugnada. Así mesmo, en tal caso poderá de oficio declarar e exixir a devolución das prestacións indebidamente percibidas.

A entidade xestora poderá proceder en calquera momento á rectificación de erros materiais ou de feito e dos aritméticos, así como ás revisións motivadas pola constatación de omisións ou inexactitudes nas declaracións do beneficiario, así como á reclamación das cantidades que, de ser o caso, se percibisen indebidamente por tal motivo.

En supostos distintos aos indicados nos parágrafos anteriores, a revisión en prexuízo dos beneficiarios efectuarase de conformidade co artigo 146 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

2. Cando mediante resolución se acorde a extinción ou a modificación da contía da prestación como consecuencia dun cambio nas circunstancias que determinaron o seu cálculo e non exista dereito á prestación ou o importe que cumpra percibir sexa inferior ao importe percibido, os beneficiarios da prestación estarán obrigados a reintegrar as cantidades indebidamente percibidas, mediante o procedemento establecido no Real decreto 148/1996, do 5 de febreiro, polo que se regula o procedemento especial para o reintegro das prestacións da Seguridade Social indebidamente percibidas, e no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Serán responsables solidarios do reintegro das prestacións indebidamente percibidas os beneficiarios e todas aquelas persoas que, en virtude de feitos, omisións, negocios ou actos xurídicos, participen na obtención dunha prestación de forma fraudulenta.

Serán exixibles a todos os responsables solidarios o principal, as recargas e os xuros que se deban exixir a ese primeiro responsable, e todas as custas que se xeren para o cobramento da débeda.

3. Nos supostos previstos nos puntos anteriores, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen pagamento da débeda, aplicaranse as correspondentes recargas e comezará a devindicación de xuros de demora, sen prexuízo de que estes últimos só sexan exixibles respecto do período de recadación executiva. Nos supostos que se determinen regulamentariamente, a entidade xestora poderá acordar compensar a débeda coas mensualidades do ingreso mínimo vital ata unha determinada porcentaxe máxima de cada mensualidade.

Artigo 18. *Cómputo dos ingresos e patrimonio.*

1. O cómputo dos ingresos do exercicio anterior levarase a cabo atendendo ás seguintes regras:

a) Con carácter xeral as rendas computaranse polo seu valor íntegro, excepto as procedentes de actividades económicas, de arrendamentos de inmobles ou de réximes especiais, que se computarán polo seu rendemento neto.

b) Os rendementos procedentes de actividades económicas, as ganancias patrimoniais xeradas no exercicio e dos réximes especiais computaranse pola contía que se integra na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas ou normativa foral correspondente segundo a normativa vixente en cada período.

c) Cando o beneficiario dispoña de bens inmoables arrendados, teranse en conta os seus rendementos como ingresos menos gastos, antes de calquera redución a que teña dereito o contribuínte, e ambos determinados conforme o disposto para o efecto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, ou normativa foral correspondente, aplicable ás persoas que forman a unidade de convivencia. Se os inmoables non están arrendados, os ingresos computables valoraranse segundo as normas establecidas para a imputación de rendas inmobiliarias na citada normativa e correspondente norma foral.

d) Computará como ingreso o importe das pensións e prestacións, contributivas ou non contributivas, públicas ou privadas.

e) Exceptuaranse do cómputo de rendas:

1.º Os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.

2.º As prestacións e axudas económicas públicas finalistas que fosen concedidas para cubriren unha necesidade específica de calquera das persoas integrantes da unidade de convivencia, tales como bolsas ou axudas para o estudo, axudas por vivenda, axudas de emerxencia e outras similares.

3.º As rendas exentas a que se refiren os parágrafos b), c), d), i), j), n), q), r), s), t) e y) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

2. Para o cómputo de ingresos teranse en conta os obtidos polos beneficiarios durante o exercicio anterior á solicitude. O importe da prestación será revisado cada ano tendo en conta a información dos ingresos do exercicio anterior. Para determinar en que exercicio se obtiveron os ingresos, adoptarase o criterio fiscal.

3. Para a determinación dos rendementos mensuais das persoas que forman a unidade de convivencia, compútase o conxunto de rendementos ou ingresos de todos os membros, de acordo co establecido na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Non se computarán as rendas previstas no número 1.e). Á suma de ingresos detallados anteriormente restarase o importe do imposto sobre a renda devindicado e as cotizacións sociais.

4. Considérase patrimonio a suma dos activos non societarios, sen incluír a vivenda habitual e o patrimonio societario neto, tal como se definen nos seguintes puntos.

5. Os activos non societarios son a suma dos seguintes conceptos:

a) Os inmoables, excluída a vivenda habitual.

b) As contas bancarias e depósitos.

c) Os activos financeiros en forma de valores, seguros e rendas, e as participacións en institucións de investimento colectivo.

d) As participacións en plans, fondos de pensións e sistemas alternativos similares.

6. O patrimonio societario neto inclúe o valor das participacións no patrimonio de sociedades en que participe de forma directa ou indirecta algún dos membros da unidade de convivencia, con excepción das valoradas dentro dos activos non societarios.

7. Os activos non societarios valoraranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Os activos inmobiliarios de carácter residencial, de acordo co valor de referencia de mercado a que se fai referencia no artigo 3.1 e na disposición derradeira terceira do texto

refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, e, en ausencia deste valor, polo valor catastral do inmovible.

b) O resto de activos inmobiliarios, ben sexan de carácter urbano, ben sexan de carácter rústico, de acordo co valor catastral do inmovible.

c) As contas bancarias e depósitos, os activos financeiros e as participacións, polo seu valor en 31 de decembro consignado nas últimas declaracións tributarias informativas dispoñibles cuxo prazo regulamentario de declaración finalizase no momento de presentar a solicitude.

8. O patrimonio societario valorarase, para cada un dos membros da unidade de convivencia, aplicando as porcentaxes de participación no capital das sociedades non incluídas dentro dos activos non societarios ao valor do patrimonio neto das ditas sociedades e das que pertencen directa ou indirectamente a estas, consignado nas últimas declaracións tributarias para as cales finalizase o exercicio fiscal para todos os contribuíntes.

#### Artigo 19. *Acreditación dos requisitos.*

1. A identidade tanto das persoas solicitantes como das que forman a unidade de convivencia acreditarase mediante o documento nacional de identidade, no caso dos españois, ou o libro de familia ou certificado literal de nacemento, no caso dos menores de 14 anos que non teñan documento nacional de identidade, e mediante o documento de identidade do seu país de orixe ou de procedencia, ou o pasaporte, no caso dos cidadáns estranxeiros.

2. A residencia legal en España acreditarase mediante a inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros, no caso de nacionais dos Estados membros da Unión Europea, Espazo Económico Europeo ou a Confederación Suíza, ou con tarxeta de familiar de cidadán da Unión ou autorización de residencia, en calquera das súas modalidades, no caso de estranxeiros doutra nacionalidade.

3. O domicilio en España acreditarase co certificado de empadramento.

4. A existencia da unidade de convivencia acreditarase co libro de familia, certificado do rexistro civil, inscrición nun rexistro de parellas de feito, nos termos do artigo 221.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e certificado de empadramento na mesma vivenda.

Con todo, a existencia da unidade de convivencia nos termos previstos no artigo 6.2 acreditarase co certificado de empadramento onde consten todas as persoas empadroadas no domicilio do solicitante.

As unidades de convivencia previstas no artigo 6.2.a) deberán acreditar a condición de vítima de violencia de xénero por calquera dos medios establecidos no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

En casos de separación ou divorcio, a unidade de convivencia establecida no artigo 6.2.b) acreditarase coa presentación da demanda ou resolución xudicial.

5. Os requisitos de ingresos e patrimonio establecidos neste real decreto lei, para o acceso e mantemento da prestación económica do ingreso mínimo vital, realizaraos a entidade xestora conforme a información que se solicite por medios telemáticos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e nas facendas tributarias forais de Navarra e dos territorios históricos do País Vasco. Para tales efectos, tomarase como referencia a información que conste nesas facendas públicas respecto do exercicio anterior a aquel en que se realiza esa actividade de recoñecemento ou control ou, na súa falta, a información que conste máis actualizada nas ditas administracións públicas.

Na súa solicitude, cada interesado autorizará expresamente a Administración que tramita a súa solicitude para que solicite os seus datos tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, dos órganos competentes das comunidades autónomas, da Facenda Foral de Navarra ou das deputacións forais do País Vasco e da Dirección Xeral do Catastro Inmobiliario, conforme o artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria ou, de ser o caso, a normativa foral aplicable.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da cesión de datos tributarios legalmente prevista con ocasión da colaboración no descubrimento de fraudes na obtención e desfrute de prestacións á Seguridade Social do número 1.c) do citado artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria ou, de ser o caso, normativa foral aplicable.

6. A situación de demandante de emprego quedará acreditada co documento expedido para o efecto pola Administración competente ou mediante o acceso por parte da entidade xestora a través dos medios electrónicos habilitados para o efecto.

7. En ningún caso será exigible ao solicitante a acreditación de feitos, datos ou circunstancias que a Administración da Seguridade Social deba coñecer por si mesma, tales como a situación do beneficiario en relación co sistema da Seguridade Social ou a percepción polos membros da unidade de convivencia doutra prestación económica que conste no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.

#### Artigo 20. *Cesión de datos e a súa confidencialidade.*

1. Na subministración de información en relación cos datos de carácter persoal que se deba efectuar á Administración da Seguridade Social para a xestión desta prestación será de aplicación o previsto nos números 1 e 2 do artigo 71 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro. A subministración de información non requirirá o consentimento previo do interesado nin das persoas que formen parte da unidade de convivencia, por ser un tratamento de datos dos referidos nos artigos 6.1.e) e 9.2.h) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

2. Todas as persoas e todos os organismos que interveñan en calquera actuación referente ao ingreso mínimo vital quedan obrigados á reserva de datos nos termos establecidos no artigo 77 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. As administracións públicas actuantes tomarán as medidas oportunas para que, no curso do procedemento administrativo, quede garantida a confidencialidade dos datos subministrados polos solicitantes para a xestión da prestación e estarán obrigadas a cumprir coa lexislación vixente en materia de protección de datos.

### CAPÍTULO IV

#### Procedemento

#### Artigo 21. *Normas de procedemento.*

Sen prexuízo das particularidades previstas neste real decreto lei, será de aplicación o previsto no artigo 129 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

#### Artigo 22. *Competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social e colaboración interadministrativa.*

1. A competencia para o recoñecemento e o control da prestación económica non contributiva da Seguridade Social corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no segundo punto deste artigo e nas disposicións adicionais cuarta e quinta.

2. As comunidades autónomas e entidades locais poderán iniciar o expediente administrativo cando subscriban co Instituto Nacional da Seguridade Social, nos termos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o oportuno convenio que as habilite para iso.

No marco do correspondente convenio suscrito co Instituto Nacional da Seguridade Social poderase acordar que, iniciado o expediente pola respectiva Administración, a posterior tramitación e xestión previas á resolución do expediente as efectúe a Administración que tiver incoado o procedemento.

3. O exercicio das funcións citadas no punto anterior non requirirá, en ningún caso, os informes previos que establece o artigo 7.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### Artigo 23. *Iniciación do procedemento.*

O acceso á prestación económica prevista nesta lei realizarase logo de solicitude da persoa interesada, segundo o previsto no artigo seguinte.

#### Artigo 24. *Solicitude.*

1. A solicitude realizarase no modelo normalizado establecido para o efecto, acompañada da documentación necesaria para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto lei e nas súas normas de desenvolvemento.

A dita solicitude presentárase, preferentemente, na sede electrónica da Seguridade Social ou a través daquelas outras canles de comunicación telemática que o Instituto Nacional da Seguridade Social teña habilitadas para o efecto, sen prexuízo do que se poida establecer no marco dos convenios a que se refire o artigo 29.

2. Con todo, respecto dos documentos que non se encontren en poder da Administración, se non poden ser achegados polo interesado no momento da solicitude, incluírase a declaración responsable do solicitante en que conste que se obriga a presentalos durante a tramitación do procedemento.

3. Para acreditar o valor do patrimonio, así como das rendas e ingresos computables para os efectos do previsto neste real decreto lei, e os gastos de alugamento, do titular do dereito e dos membros da unidade de convivencia, o titular do ingreso mínimo vital e os membros da unidade de convivencia cubrirán a declaración responsable que, para ese efecto, figurará no modelo normalizado de solicitude.

#### Artigo 25. *Tramitación.*

1. Na instrución do expediente, o Instituto Nacional da Seguridade Social verificará a existencia da documentación necesaria para o recoñecemento da prestación e efectuará as comprobacións pertinentes do cumprimento dos requisitos establecidos no presente real decreto lei.

2. O Instituto Nacional da Seguridade Social resolverá e notificará o procedemento á persoa solicitante no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada do expediente administrativo no seu rexistro.

Transcorrido o dito prazo sen que se producise resolución expresa, entenderase denegada a solicitude por silencio administrativo.

3. No caso de que con posterioridade á solicitude o interesado non achegase a documentación a que estivese obrigado na declaración responsable prevista no artigo 24.2, con carácter previo a ditar resolución a entidade xestora requirirao para ese efecto. Neste caso, quedará suspendido o procedemento durante o prazo máximo de tres meses. Se transcorrido o dito prazo non tiver presentado a documentación requirida, producirase a caducidade do procedemento.

#### Artigo 26. *Supervisión do cumprimento de requisitos.*

1. O Instituto Nacional da Seguridade Social comprobará o cumprimento dos requisitos e das obrigacións da persoa titular e demais persoas que integren a unidade de convivencia.

Para iso verificará, entre outros, que quedan acreditados os requisitos relativos á identidade do solicitante e de todas as persoas que integran a unidade de convivencia; á residencia legal e efectiva en España deste e dos membros da unidade de convivencia en que se integrase, residencia efectiva dos membros da unidade de convivencia no domicilio; á composición da unidade de convivencia, relación de parentesco e parella de feito; rendas e ingresos, patrimonio e o resto de condicións necesarias para determinar o acceso ao



dereito á prestación, así como a súa contía. Do mesmo xeito, mediante controis periódicos realizará as comprobacións necesarias do cumprimento dos requisitos e das obrigacións que permiten o mantemento do dereito da súa contía.

2. Para o exercicio da súa función supervisora, o Instituto Nacional da Seguridade Social levará a cabo cantas comprobacións, inspeccións, revisións e verificacións sexan necesarias e requirirá a colaboración das persoas titulares do dereito e das administracións públicas, dos organismos e entidades públicas e de persoas xurídico-privadas. Estas comprobacións realizaranse preferentemente por medios telemáticos ou informáticos.

3. A supervisión dos requisitos de ingresos e patrimonio establecidos no presente real decreto lei, para o acceso e mantemento da prestación económica do ingreso mínimo vital, será realizada pola entidade xestora conforme a información que se obteña por medios telemáticos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e das facendas tributarias forais de Navarra e dos territorios históricos do País Vasco. Para tales efectos, tomarase como referencia a información que conste nesas facendas públicas respecto do exercicio anterior a aquel en que se realiza esa actividade de recoñecemento ou control ou, na súa falta, a información que conste máis actualizada nas ditas administracións públicas.»

## CAPÍTULO V

### Cooperación entre as administracións públicas

Artigo 27. *Cooperación administrativa no exercicio das funcións de supervisión.*

Todas as administracións públicas cooperarán na execución das funcións de supervisión necesarias para a garantía do ingreso mínimo vital de conformidade co previsto no artigo 71 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Artigo 28. *Cooperación para a inclusión social das persoas beneficiarias.*

1. O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións promoverá, no ámbito das súas competencias, estratexias de inclusión das persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital mediante a cooperación e colaboración cos departamentos ministeriais, as comunidades autónomas, as entidades locais, as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como coas entidades do terceiro sector de acción social. O deseño destas estratexias dirixirase á remoción dos obstáculos sociais ou laborais que dificultan o pleno exercicio de dereitos e socavan a cohesión social.

2. Os beneficiarios do ingreso mínimo vital serán obxectivo prioritario e serán tidos en conta no deseño dos incentivos á contratación que aprobe o Goberno.

3. O resultado do ingreso mínimo vital e das distintas estratexias e políticas de inclusión será avaliado anualmente pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, mediante a emisión da correspondente opinión, de acordo coa Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Artigo 29. *Mecanismos de colaboración con outras administracións.*

Co fin de intensificar as relacións de cooperación, mellorar a eficiencia da xestión da prestación non contributiva do ingreso mínimo vital, así como facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, mediante a asistencia recíproca e o intercambio de información, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións ou, de ser o caso, a Administración da Seguridade Social poderán subscribir os oportunos convenios, ou acordos, ou calquera outro instrumento de colaboración con outros órganos da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas e das entidades locais.

Artigo 30. *Comisión de seguimento do ingreso mínimo vital.*

1. Créase a Comisión de seguimento do ingreso mínimo vital como órgano de cooperación administrativa para o seguimento da aplicación do contido deste real decreto lei.

2. A Comisión de seguimento estará presidida polo ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e estará integrada polo secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións, a Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, a Subsecretaría de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, o secretario de Estado de Dereitos Sociais do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero ou o órgano directivo en quen delegue, os titulares das consellerías das comunidades autónomas competentes por razón da materia e representantes da Administración local. Cando, por razón dos asuntos que se van tratar, non sexa precisa a presenza de representantes das comunidades autónomas ou da Administración local, a Comisión poderase constituír sen aqueles por pedimento do seu secretario, e nestes casos será preciso que sexan informados previamente os representantes das ditas administracións e se comunique o contido da orde do día.

3. A Comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

a) Avaliación do impacto do ingreso mínimo vital como instrumento para previr o risco de pobreza e exclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade económica, con especial atención á pobreza infantil.

b) Avaliación e seguimento das propostas normativas e non normativas en relación co ingreso mínimo vital e en materia de inclusión, que impulse o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

c) Impulso e seguimento dos mecanismos de cooperación entre administracións que procedan en aplicación deste real decreto lei.

d) Seguimento dos sistemas de intercambio de información relativa ás persoas solicitantes e ás beneficiarias do ingreso mínimo vital que se poñan en marcha.

e) Cooperación para a implantación da tarxeta social dixital.

f) Avaliación e análise das políticas e medidas de inclusión, así como do seu impacto nos colectivos vulnerables, e intercambio de mellores prácticas e experiencias, co fin de maximizar as sinerxías das políticas públicas e de mellorar a súa eficacia.

g) Cooperación co Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións na definición de obxectivos de inclusión e no desenvolvemento de indicadores de inclusión, de crecemento inclusivo e de desigualdade para a economía española que poidan ser utilizados para o deseño e toma de decisión de novas políticas ou a reformulación das xa existentes, así como de indicadores cos cales levar a cabo a medición, o seguimento e a avaliación dos obxectivos de inclusión.

h) Cooperación na promoción da incorporación dos indicadores sinalados no punto anterior no deseño e na avaliación das políticas e medidas de inclusión.

i) Cooperación na explotación de bases de datos de indicadores de inclusión a nivel rexional, nacional e internacional para a realización de estudos e informes que inclúan a información necesaria para a toma de decisións.

j) Cooperación na elaboración das normas regulamentarias en desenvolvemento deste real decreto lei e das normas doutras administracións que, de ser o caso, sexan enviadas á Comisión para discusión.

k) Avaliación e seguimento das estratexias de inclusión que promova o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, do selo de inclusión social a que se refire a disposición adicional primeira e da evolución na participación no mercado laboral dos perceptores do ingreso mínimo vital, en particular dos que se encontren nos supostos a que se refire o artigo 8.4.

l) Cooperación nos sistemas de avaliación e información de situacións de necesidade social e na atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social entre as administracións públicas.

m) Calquera outra función que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

4. A Comisión de seguimento poderá crear grupos de traballo para o exercicio das súas funcións. En particular, crearanse un grupo de traballo específico para comunidades autónomas e un grupo de traballo para entidades locais, para abordar as cuestións específicas que afectan cada unha destas administracións.

5. A Comisión de seguimento contará cunha secretaría, que dependerá da Subsecretaría de Inclusión, Seguridade Social e Migracións. A Secretaría é o órgano técnico de asistencia, preparación e seguimento continuo da actividade da Comisión de seguimento e terá as seguintes funcións:

a) A convocatoria, preparación e redacción das actas das reunións da Comisión de seguimento do ingreso mínimo vital, o seguimento dos acordos que, de ser o caso, se adopten e a asistencia aos seus membros.

b) O seguimento e informe dos actos e disposicións das comunidades autónomas en materia de inclusión.

c) A tramitación dos convenios de colaboración que se subscriban con outros órganos da Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades locais.

d) A coordinación dos grupos de traballo que, de ser o caso, cree a Comisión de seguimento en aplicación do disposto no número 4 deste artigo.

6. A Comisión de seguimento dotarase dun regulamento interno onde se especificarán as súas regras de funcionamento.

#### Artigo 31. *Consello consultivo do ingreso mínimo vital.*

1. Créase o Consello consultivo do ingreso mínimo vital como órgano de consulta e participación coas entidades do terceiro sector de acción social e as organizacións sindicais e empresariais.

2. O Consello consultivo estará presidido polo ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e nel participarán a Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, un membro con rango de director xeral que designe o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a directora do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como as entidades do terceiro sector de acción social con maior cobertura no territorio español.

3. O Consello consultivo terá as seguintes funcións:

a) Asesorar o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións na formulación de propostas normativas e non normativas en relación co ingreso mínimo vital e en materia de inclusión.

b) Asesorar a Comisión de seguimento do ingreso mínimo vital no exercicio das súas funcións.

c) Asesorar e cooperar co Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións no lanzamento de campañas de comunicación relacionadas co ingreso mínimo vital.

d) Asesorar e cooperar co Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións na implantación de estratexias de inclusión, do selo de inclusión social a que se refire a disposición adicional primeira e da evolución na participación no mercado laboral dos perceptores do ingreso mínimo vital, en particular dos que se encontren nos supostos a que se refire o artigo 8.4.

e) Calquera outra función que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

4. A participación e a asistencia ás súas convocatorias non devindicará ningunha retribución nin compensación económica.

5. O Consello consultivo dotarase dun regulamento interno onde se especificarán as súas regras de funcionamento.

## CAPÍTULO VI

### Réxime de financiamento

#### Artigo 32. *Financiamento.*

1. O ingreso mínimo vital, como prestación non contributiva da Seguridade Social, financiarase de conformidade co previsto no artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.

## CAPÍTULO VII

### Réxime de obrigacións

#### Artigo 33. *Obrigacións das persoas beneficiarias.*

1. As persoas titulares do ingreso mínimo vital estarán suxeitas durante o tempo de percepción da prestación ás seguintes obrigacións:

a) Proporcionar a documentación e información precisa para a acreditación dos requisitos e a conservación da prestación, así como para garantir a recepción de notificacións e comunicacións.

b) Comunicar calquera cambio ou situación que poida dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación, no prazo de trinta días naturais desde que estes se produzan.

c) Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas.

d) Comunicar á entidade xestora, con carácter previo, as saídas ao estranxeiro tanto do titular como dos membros da unidade de convivencia, facendo constar a duración previsible destas.

Non terá consideración de estadía nin de traslado de residencia a saída ao estranxeiro por tempo non superior a quince días naturais por unha soa vez cada ano.

A saída e estadía no estranxeiro de calquera dos membros dunha unidade de convivencia por un período, continuado ou non, de ata noventa días naturais como máximo durante cada ano natural deberá previamente ser comunicada e xustificada.

e) Presentar anualmente declaración correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

f) Se non están traballando e son maiores de idade ou menores emancipados, figurar inscritas como demandantes de emprego, salvo nos supostos que se determinen regulamentariamente.

g) En caso de compatibilizar a prestación do ingreso mínimo vital coas rendas do traballo ou a actividade económica conforme o previsto no artigo 8.4, cumprir as condicións establecidas para o acceso e mantemento da dita compatibilidade.

h) Participar nas estratexias de inclusión que promova o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, previstas no artigo 28.1, nos termos que se establezan.

i) Calquera outra obrigación que se poida establecer regulamentariamente.

2. As persoas integrantes da unidade de convivencia estarán obrigadas a:

a) Comunicar o falecemento do titular.

b) Poñer en coñecemento da Administración calquera feito que distorza o fin da prestación outorgada.

c) Presentar anualmente declaración correspondente ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

d) Cumpir as obrigacións que o punto anterior impón ao titular e este, calquera que sexa o motivo, non leva a cabo.

e) Se non están traballando e son maiores de idade ou menores emancipados, figurar inscritas como demandantes de emprego, salvo nos supostos que se determinen regulamentariamente.

f) En caso de compatibilizar a prestación do ingreso mínimo vital coas rendas do traballo ou a actividade económica conforme o previsto no artigo 8.4, cumprir as condicións establecidas para o acceso e mantemento da dita compatibilidade.

g) Participar nas estratexias de inclusión que promova o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, previstas no artigo 28.1, nos termos que se establezan.

h) Cumprir calquera outra obrigaón que se poida establecer regulamentariamente.

## CAPÍTULO VIII

### Infraccións e sancións

#### Artigo 34. *Infraccións e suxeitos responsables.*

1. As infraccións son consideradas, segundo a súa natureza, como leves, graves e moi graves.

2. Son infraccións leves non proporcionar a documentación e información precisa para a acreditación dos requisitos e a conservación da prestación, así como para garantir a recepción de notificacións e comunicacións, cando diso non derivase a percepción ou conservación indebida da prestación.

3. Son infraccións graves:

a) Non proporcionar a documentación e información precisa para a acreditación dos requisitos e a conservación da prestación, así como para garantir a recepción de notificacións e comunicacións, cando diso derivase unha percepción indebida, en contía mensual, inferior ao 50 por cento da que lle correspondería.

b) Non comunicar calquera cambio ou situación que poida dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación, no prazo de trinta días desde que este se produza, cando diso derivase unha percepción indebida, en contía mensual, inferior ao 50 por cento da que lle correspondería.

c) Non cumprir coa obrigaón de comunicar con carácter previo o desprazamento ao estranxeiro, cando este sexa por tempo superior a quince días e inferior a noventa días ao ano.

d) A comisión dunha terceira infracción leve, sempre que nun prazo dun ano anterior fose sancionado por dúas faltas leves do mesmo tipo.

e) O incumprimento de obrigaón de participar nas estratexias de inclusión que promova o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, nos termos que se establezan.

f) O incumprimento das condicións asociadas á compatibilidade da prestación do ingreso mínimo vital coas rendas do traballo ou a actividade económica, conforme o previsto no artigo 8.4.

4. Son infraccións moi graves:

a) Non proporcionar a documentación e información precisa para a acreditación dos requisitos e a conservación da prestación, así como para garantir a recepción de notificacións e comunicacións, cando diso derivase unha percepción indebida, en contía mensual, superior ao 50 por cento da que lle correspondería.

b) Non comunicar calquera cambio ou situación que poida dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación, no prazo de trinta días desde que estes se produzan, cando diso derivase unha percepción indebida, en contía mensual, superior ao 50 por cento da que lle correspondería.

c) O desprazamento ao estranxeiro, por tempo superior a noventa días ao ano, sen comunicar nin xustificar ao Instituto Nacional da Seguridade Social con carácter previo a súa saída de España.



d) Actuar fraudulentamente co fin de obter prestacións indebidas ou superiores ás que correspondan ou prolongar indebidamente o seu desfrute, mediante a achega de datos ou documentos falsos.

e) A comisión dunha terceira infracción grave sempre que nun prazo dun ano anterior fose sancionado por dúas faltas graves do mesmo tipo.

f) O incumprimento reiterado da obrigaón de participar nas estratexias de inclusión que promova o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, nos termos que se establezan.

g) O incumprimento reiterado das condicións asociadas á compatibilidade da prestación do ingreso mínimo vital coas rendas do traballo ou a actividade económica conforme o previsto no artigo 8.4.

5. Serán responsables das infraccións tipificadas neste artigo os beneficiarios da prestación, os membros da unidade de convivencia e aquelas persoas que cooperasen na súa comisión mediante unha actuación activa ou omisiva sen a cal a infracción non se tería cometido.

A concorrencia de varias persoas responsables na comisión dunha infracción determinará que queden solidariamente obrigadas fronte á Administración ao reintegro das prestacións indebidamente percibidas.

#### Artigo 35. Sancións.

1. As infraccións leves serán sancionadas co apercibimento da persoa infractora.

2. As infraccións graves sancionaranse coa perda da prestación por un período de ata tres meses. Cando as infraccións dean lugar á extinción do dereito, a sanción consistirá no deber de ingresar tres mensualidades da prestación.

Cando a infracción sexa a prevista no número 3.c) do artigo anterior, ademais de devolver o importe da prestación indebidamente percibida durante o tempo de estadía no estranxeiro, os beneficiarios non poderán solicitar unha nova prestación durante un período de tres meses, contados desde a data da resolución pola cal se impoña a sanción.

3. As infraccións moi graves sancionaranse coa perda da prestación por un período de ata seis meses. Cando as infraccións dean lugar á extinción do dereito, a sanción consistirá no deber de ingresar seis mensualidades da prestación.

Cando a infracción sexa a prevista no número 4.c) do artigo anterior, ademais de devolver o importe da prestación indebidamente percibida durante o tempo de estadía no estranxeiro, os beneficiarios non poderán solicitar unha nova prestación durante un período de seis meses, contados desde a data da resolución pola cal se impoña a sanción.

4. Se, dentro das infraccións graves ou moi graves, concorre algunha das seguintes actuacións por parte de calquera persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital:

a) O falseamento na declaración de ingresos ou patrimonio.

b) A ocultación fraudulenta de cambios substanciais que poidan dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación.

c) Calquera outra actuación ou situación fraudulenta que dea lugar ao acceso indebido á prestación, mantemento indebido do dereito á prestación ou aumento indebido do seu importe.

Ademais da correspondente sanción e obrigaón de reintegro das cantidades indebidamente percibidas, e sen prexuízo das responsabilidades penais, civís e administrativas que procederen, o Instituto Nacional da Seguridade Social poderá decretar a extinción do dereito, así como a imposibilidade de que o suxeito infractor poida resultar persoa beneficiaria nos termos deste real decreto lei por un período de dous anos.

5. Cando o suxeito infractor fose sancionado por infracción moi grave, en virtude de resolución firme na vía administrativa, dentro dos cinco anos anteriores á comisión dunha infracción moi grave, extinguirase a prestación e comportará a imposibilidade de que o suxeito infractor resulte persoa beneficiaria nos termos deste real decreto lei durante cinco anos.

6. Nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, a imposición de sancións terá en conta a gradación destas considerando, para tal fin, a culpabilidade, negligencia e intencionalidade da persoa infractora, así como a contía económica da prestación económica indebidamente percibida.

7. As sancións a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo do reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

Artigo 36. *Procedemento sancionador.*

Para efectos da competencia e do procedemento para a imposición das sancións previstas na presente norma, será de aplicación o establecido para a imposición de sancións aos solicitantes ou beneficiarios de prestacións do sistema da Seguridade Social no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

No non previsto neste real decreto lei será de aplicación o disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

## CAPÍTULO IX

### Réxime de control financeiro da prestación

Artigo 37. *Control da prestación.*

A modalidade de control exercida sobre o recoñecemento do dereito e da obrigaón da prestación non contributiva do ingreso mínimo vital será a función interventora e o control financeiro permanente, de acordo co establecido no artigo 147.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Os actos de ordenación e pagamento material interviranse conforme o establecido na sección 5.<sup>a</sup>, capítulo IV, título II, do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social.

Disposición adicional primeira. *Colaboración das empresas ao tránsito dos beneficiarios do ingreso mínimo vital á participación activa na sociedade.*

Establecerase regulamentariamente o selo de inclusión social, co cal se distinguirán aquelas empresas e entidades que contribúan ao tránsito dos beneficiarios do ingreso mínimo vital desde unha situación de risco de pobreza e exclusión á participación activa na sociedade.

En particular, os empregadores de beneficiarios do ingreso mínimo vital serán recoñecidos coa condición de titulares do selo de inclusión social nos termos que regulamentariamente se establezan. A condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Disposición adicional segunda. *Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.*

As prestacións do ingreso mínimo vital recoñecidas quedarán incluídas no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas que se regula no artigo 72 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Disposición adicional terceira. *Crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para financiar o ingreso mínimo vital no exercicio 2020.*

Concédesse un crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións por un importe de 500.000.000 euros na aplicación orzamentaria 19.02.000X.424 «Achega do Estado á Seguridade Social para financiar o ingreso mínimo vital». A dita modificación financiarase de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Disposición adicional cuarta. *Fórmulas de xestión.*

Sen prexuízo dos mecanismos de colaboración a que se refire o artigo 31 deste real decreto lei, o Goberno estudará a partir de 2021 a subscrición de convenios con comunidades autónomas que establezan fórmulas de xestión da prestación do ingreso mínimo vital.

Disposición adicional quinta. *Aplicación nos territorios forais.*

En razón da especificidade que supón a existencia de facendas forais, as comunidades autónomas de réxime foral asumirán, con referencia ao seu ámbito territorial, as funcións e os servizos correspondentes que neste real decreto lei se atribúen ao Instituto Nacional da Seguridade Social en relación coa prestación económica non contributiva da Seguridade Social do ingreso mínimo vital, nos termos que se acorde antes do 31 de outubro de 2020.

Mentres non se produza a asunción das funcións e servizos a que fai referencia o parágrafo anterior acordarase, mediante convenio que se subscribirá entre os órganos competentes do Estado e da comunidade autónoma interesada, unha encomenda de xestión para realizar as actuacións que se prevexan nel en relación coa prestación económica do ingreso mínimo vital e que permitan a atención integral dos seus beneficiarios no País Vasco e Navarra.

Disposición transitoria primeira. *Prestación económica transitoria do ingreso mínimo vital durante 2020.*

1. O Instituto Nacional da Seguridade Social recoñecerá a prestación transitoria do ingreso mínimo vital aos actuais beneficiarios da asignación económica por fillo ou menor a cargo do sistema da Seguridade Social que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, reúnan os requisitos que se expoñen no punto seguinte, sempre que o importe da prestación transitoria do ingreso mínimo vital sexa igual ou superior ao importe da asignación económica que viñesen percibindo.

2. Os requisitos para percibir a prestación transitoria serán os seguintes:

a) Ser beneficiario da asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento.

b) Formar parte dunha unidade de convivencia constituída exclusivamente polo beneficiario dunha asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, o outro proxenitor en caso de convivencia, e os fillos ou menores a cargo causantes da dita asignación por fillo a cargo.

c) Encontrarse a unidade de convivencia referida no punto anterior en situación de vulnerabilidade económica por carecer de patrimonio, rendas ou ingresos suficientes, nos termos establecidos no artigo 8 deste real decreto lei.

d) Que a asignación económica que se perciba, ou a suma de todas elas no suposto de que sexan varias as asignacións, sexa inferior ao importe da prestación do ingreso mínimo vital.

3. Para os exclusivos efectos da comprobación do cumprimento do previsto na letra b) do número 2, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de autorización do Instituto Nacional de Estatística, cederá, sen consentimento dos interesados, a información relativa á agrupación das persoas nos fogares que consta nas bases de datos de

poboación dispoñible que o Instituto Nacional de Estatística cede periodicamente á dita Axencia Estatal de Administración Tributaria para fins de estudo e análise. Esta información só será utilizada pola Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para realizar as actuacións necesarias que permitan determinar os beneficiarios con dereito a prestacións do ingreso mínimo vital nos termos establecidos nesta disposición transitoria.

A comprobación da convivencia no mesmo domicilio efectuarase en función dos datos que fosen tidos en conta para o recoñecemento da asignación económica por fillo a cargo.

Para os exclusivos efectos da comprobación do cumprimento do previsto na letra c) do punto anterior, o Instituto Nacional da Seguridade Social solicitará á Axencia Estatal de Administración Tributaria e esta remitiralle a información estritamente necesaria relativa a ingresos e patrimonio da unidade de convivencia descrita na letra b) que permitan determinar os beneficiarios con dereito a prestacións do ingreso mínimo vital nos termos establecidos nesta disposición transitoria. Esta información só será utilizada para a finalidade indicada e o procedemento de intercambio de información entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Instituto Nacional da Seguridade Social sen necesidade de solicitar o consentimento dos interesados.

4. A prestación transitoria do ingreso mínimo vital será incompatible coa asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, polo que esta quedará suspendida durante a vixencia daquela.

5. O Instituto Nacional da Seguridade Social notificará aos beneficiarios que cumpran os requisitos exixidos no punto 2 desta disposición transitoria a resolución en que se recoñeza o dereito á prestación transitoria do ingreso mínimo vital e o dereito de opción entre a percepción desta prestación e a asignación económica por fillo ou menor a cargo que viñese percibindo.

6. No prazo de trinta días naturais contados desde a notificación da resolución, o interesado poderá exercer o seu dereito de opción por seguir mantendo a asignación económica por fillo ou menor a cargo. A dita opción producirá efectos desde a data de efectos económicos da prestación do ingreso mínimo vital e realizarase, de ser o caso, a correspondente regularización económica.

No caso de que non se exerza o dereito de opción dentro do prazo sinalado, entenderase que opta por percibir a prestación transitoria do ingreso mínimo vital.

7. Se, unha vez recoñecido o dereito á prestación transitoria, se modifica a unidade de convivencia, aplicarase o previsto neste real decreto lei en canto á obrigação de comunicación, cumprimento de requisitos e revisión da contía da prestación.

8. A partir do 1 de xaneiro de 2021 manterase o dereito á prestación do ingreso mínimo vital recoñecido, sempre que se reúnan os requisitos establecidos no presente real decreto lei e a interesada achegue antes do 31 de decembro de 2020 a documentación que para ese efecto lle sexa requirida polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

Noutro caso, restablecerase a percepción da asignación económica por fillo ou menor a cargo, sempre que se manteñan os requisitos para ser beneficiario desta prestación.

9. Os beneficiarios da asignación económica por fillo ou menor a cargo do sistema da Seguridade Social, aos cales non lles fose notificada a resolución de recoñecemento da prestación transitoria do ingreso mínimo vital e cumpran os requisitos previstos no punto 2 desta disposición transitoria, poderán solicitar o seu recoñecemento ante o Instituto Nacional da Seguridade Social. A prestación recoñecerase, de ser o caso, con efectos desde a data de entrada en vigor deste real decreto lei, sempre que se presente dentro dos tres meses seguintes. Noutro caso, os efectos económicos serán do día primeiro do mes seguinte á presentación da solicitude.

10. Así mesmo, o Instituto Nacional da Seguridade Social poderá, ata o 31 de decembro de 2020, recoñecer a prestación do ingreso mínimo vital a aquelas persoas beneficiarias dalgunha das distintas rendas de inserción ou básicas establecidas polas comunidades autónomas, cando estas comuniquen que consideran que poderían acreditar os requisitos para accederen á prestación, así como que obtiveron a súa conformidade para a remisión dos seus datos ao Instituto Nacional da Seguridade Social para efectos do

recoñecemento da prestación. Para iso, as comunidades autónomas comunicarán ao Instituto Nacional da Seguridade Social, a través dos protocolos telemáticos de intercambio de información habilitados para o efecto, os datos necesarios para a identificación das potenciais persoas beneficiarias e a verificación dos requisitos de acceso á prestación.

Os expedientes resoltos polo Instituto Nacional da Seguridade Social serán comunicados ás comunidades autónomas a través dos protocolos informáticos establecidos.

11. Para a aplicación desta disposición poderanse comezar a realizar as operacións técnicas necesarias para a posta en marcha da prestación desde o 29 de maio de 2020.

Disposición transitoria segunda. *Presentación de solicitudes.*

As solicitudes de acceso á prestación económica poderanse presentar a partir do día 15 de xuño de 2020. Se a solicitude se presenta dentro dos tres meses seguintes, os efectos económicos retrotraeranse ao día 1 de xuño de 2020 sempre que, nesta data, se acrediten todos os requisitos para o seu acceso. En caso de non cumprir os requisitos na referida data, os efectos económicos fixaranse o día primeiro do mes seguinte a aquel en que se cumpran os requisitos.

Se a solicitude se presenta transcorridos tres meses, os efectos económicos fixaranse o día primeiro do mes seguinte á presentación da solicitude, de conformidade co previsto no artigo 11.1 deste real decreto lei.

Disposición transitoria terceira. *Réxime excepcional aplicable ás solicitudes cursadas por situación de carencia de rendas.*

Excepcionalmente e cando non sexan beneficiarios de prestacións ou subsidios de desemprego, e para os exclusivos efectos de cómputo de rendas, poderanse presentar solicitudes ata o 31 de decembro de 2020 naqueles supostos de vulnerabilidade económica que se producisen durante o ano en curso. Para efectos de acreditar provisionalmente o cumprimento do requisito de rendas, considerarase a parte proporcional dos ingresos que tivese a unidade de convivencia durante o tempo transcorrido do ano 2020, sempre e cando que no exercicio anterior non supere a metade dos límites de patrimonio neto establecidos de forma xeral para as citadas unidades de convivencia e cuxos ingresos non superen en máis do 50 por cento os límites establecidos para toda a unidade de convivencia no exercicio 2019, nos termos establecidos no presente real decreto lei. Neste suposto poderanse tomar como referencia de ingresos do ano 2020 os datos que constan nos ficheiros e bases de datos da Seguridade Social que permitan a verificación da dita situación ou ben, e na súa falta, os que figuren na declaración responsable.

En todo caso, no ano 2021 regularizaranse as contías aboadas en relación cos datos de media mensual do conxunto de ingresos e rendas anuais computables da persoa beneficiaria individual ou do conxunto de membros da unidade de convivencia, correspondentes ao exercicio 2020, o que dará lugar, de ser o caso, ás actuacións previstas no artigo 17 do real decreto lei.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio de aplicación do control financeiro permanente, como única modalidade de control, para o recoñecemento do dereito e da obrigaçión dos expedientes da prestación non contributiva do ingreso mínimo vital.*

1. Ata o 31 de decembro de 2020, a modalidade de control exercida sobre o recoñecemento do dereito e da obrigaçión dos expedientes da prestación non contributiva do ingreso mínimo vital será exclusivamente a de control financeiro permanente, de acordo co establecido no 147.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Desde o 1 de xaneiro de 2021, o recoñecemento do dereito e da obrigaçión da prestación non contributiva do ingreso mínimo vital estará sometido á función interventora en todas as súas modalidades, de acordo co previsto no artigo 37.

2. O Consello de Ministros, por iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado, logo de proposta da Intervención Xeral da Seguridade Social, poderá acordar de forma motivada a ampliación, por un prazo de ata seis meses adicionais, do período



transitorio previsto no punto anterior para a aplicación do control financeiro permanente como única modalidade de control. Na citada proposta indicáranse os motivos que xustifican a extensión do período transitorio e o prazo adicional máximo durante o cal se manterá o dito prazo.

Igualmente, o Consello de Ministros, por iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado e logo da proposta da Intervención Xeral da Seguridade Social, poderá acordar que a finalización do período transitorio se produza con anterioridade á dita data.

3. O disposto nos puntos anteriores non resulta de aplicación aos actos de ordenación e pagamento material desta prestación, que se intervirán conforme o establecido no artigo 37 desta lei desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria quinta. *Exención do pagamento de prezos públicos por servizos académicos universitarios.*

1. Os beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital aos cales se lles recoñeza a dita condición entre os meses de xuño e decembro de 2020 estarán exentos do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos universitarios para a realización de estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial durante o curso 2020/21, nos termos desta disposición.

2. Sen prexuízo das exencións xerais do pagamento de prezos públicos por servizos académicos universitarios, esta exención aplicarase aos beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital que visen denegada a súa solicitude de concesión dunha bolsa da Administración xeral do Estado para cursaren estudos postobrigatorios no dito curso por superaren os limiares de renda e patrimonio establecidos na normativa correspondente.

3. Determinarase regulamentariamente a compensación ás universidades pola exención do pagamento destes prezos públicos por servizos académicos.

Disposición transitoria sexta. *Financiamento do ingreso mínimo vital durante 2020.*

Durante 2020 dotaranse, mediante modificación orzamentaria, os créditos orzamentarios que resulten adecuados para o financiamento do ingreso mínimo vital.

Disposición transitoria sétima. *Integración da asignación por fillo ou menor a cargo no ingreso mínimo vital.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei non se poderán presentar novas solicitudes para a asignación económica por fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento do sistema da Seguridade Social, que quedará a extinguir, sen prexuízo do previsto no parágrafo terceiro. No entanto, os beneficiarios da prestación económica transitoria do ingreso mínimo vital que en 31 de decembro de 2020 non cumpran os requisitos para seren beneficiarios do ingreso mínimo vital poderán exercer o dereito de opción para volveren á asignación económica por fillo ou menor a cargo do sistema da Seguridade Social.

Na data de entrada en vigor deste real decreto lei, os beneficiarios da asignación económica por cada fillo ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento continuarán percibindo a dita prestación ata que deixen de concorrer os requisitos e proceda a súa extinción.

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor desta norma rexeranse pola norma vixente no tempo da súa presentación. As solicitudes presentadas dentro dos trinta días naturais seguintes nas cales a persoa solicitante alegue imposibilidade para a súa presentación, derivada da suspensión de prazos administrativos establecida no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, consideraranse presentadas na data que indique que quixo exercer o seu dereito e se produciu a dita imposibilidade.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.*

Engádese un novo parágrafo p) ao artigo 3 do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, coa seguinte redacción:

«p) A prestación económica da Seguridade Social, de natureza non contributiva, do ingreso mínimo vital.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, coa seguinte redacción:

«a) Os destinados ao pagamento de pensións de todo tipo; prestacións por incapacidade temporal; protección á familia; nacemento e coidado de menor e riscos durante o embarazo e a lactación natural; coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave; ingreso mínimo vital, así como as entregas únicas, sempre que se encontren legal ou regulamentariamente establecidas e sexa obrigatorio e non graciable o seu pagamento por parte da Seguridade Social e a súa contía estea obxectivamente determinada.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo.*

Modifícase o artigo 102 para engadir unha letra f) ao seu número 8:

«f) Persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

O texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, modifícase como segue:

Un. Modifícase o artigo 42.1.c), coa seguinte redacción:

«c) As prestacións económicas nas situacións de incapacidade temporal; nacemento e coidado de menor; risco durante o embarazo; risco durante a lactación natural; exercicio corresponsable do coidado do lactante; coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave; incapacidade permanente contributiva e invalidez non contributiva; xubilación, nas súas modalidades contributiva e non contributiva; desemprego, nos seus niveis contributivo e asistencial; protección por cesamento de actividade; pensión de viuvez; prestación temporal de viuvez; pensión de orfandade; prestación de orfandade; pensión en favor de familiares; subsidio en favor de familiares; auxilio por defunción; indemnización en caso de morte por accidente de traballo ou enfermidade profesional; ingreso mínimo vital, así como as que se outorguen nas continxencias e situacións especiais que regulamentariamente se determinen por real decreto, por proposta do titular do ministerio competente.»

Dous. Modifícanse as letras a), e), f), g) e h) do artigo 71.1, coa seguinte redacción:

«a) Os organismos competentes dependentes de Ministerio de Facenda ou, de ser o caso, das comunidades autónomas ou das deputacións forais facilitarán, dentro de cada exercicio anual, conforme o artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e normativa foral equivalente, ás entidades xestoras da Seguridade Social responsables da xestión das prestacións económicas e por petición delas, os datos relativos aos niveis de renda, patrimonio e demais ingresos dos titulares de prestacións en canto determinen o dereito a elas, así como dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros das unidades familiares, sempre que se deban ter en conta para o recoñecemento, mantemento ou contía das ditas prestacións co fin de verificar se aqueles cumpren en todo momento as condicións necesarias para a percepción das prestacións e na contía legalmente establecida.

e) O Ministerio do Interior facilitará ás entidades xestoras da Seguridade Social por medios informáticos as datas de vencemento das autorizacións de residencia, as súas altas, variacións ou baixas ou os cambios de situación e os seus efectos, así como os movementos fronteirizos das persoas que teñan dereito a unha prestación para cuxa percepción sexa necesario o cumprimento do requisito de residencia legal e efectiva en España.

Así mesmo, facilitará ás entidades xestoras da Seguridade Social por medios informáticos os datos incorporados no documento nacional de identidade ou no documento de identificación de estranxeiro ou tarxeta equivalente das persoas cuxos datos teñan transcendencia en procedementos seguidos ante as ditas entidades xestoras.

f) As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social facilitarán telematicamente ás entidades xestoras responsables da xestión das prestacións económicas da Seguridade Social os datos que poidan afectar o nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito a elas que sexan recoñecidas por aquelas.

g) O Instituto de Maiores e Servizos Sociais e os organismos competentes das comunidades autónomas facilitarán ás entidades xestoras da Seguridade Social os datos de grao e nivel de dependencia e os datos incluídos nos certificados de discapacidade que poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións en calquera procedemento, así como coa actualización da información existente nas bases de datos do sistema da Seguridade Social.

h) As comunidades autónomas facilitarán ás entidades xestoras da Seguridade Social por medios informáticos os datos relativos ás datas de recoñecemento e vencemento dos títulos de familias numerosas, así como os datos relativos aos membros da unidade familiar incluídos neles, que poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito ás prestacións en calquera procedemento, así como coa actualización da información existente nas bases de datos do sistema.»

Tres. Engádese un novo parágrafo ñ) ao artigo 72.2, coa seguinte redacción:

«ñ) A prestación económica da Seguridade Social, de natureza non contributiva, do ingreso mínimo vital.»

Catro. Modifícase o artigo 109.3.b) para engadir un novo ordinal 6.<sup>o</sup> coa seguinte redacción:

«6.<sup>a</sup> O ingreso mínimo vital.»

Cinco. Modifícanse os artigos 351, 352 e 353, coa seguinte redacción:

«Artigo 351. *Enumeración.*

As prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, consistirán:

a) Nunha asignación económica por cada fillo menor de dezoito anos de idade e afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, ou maior da dita idade cando o grao de discapacidade sexa igual ou superior ao 65 por cento, a cargo do beneficiario, calquera que sexa a natureza legal da filiación, así como polos menores ao seu cargo en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción, que cumpran os mesmos requisitos.

O causante non perderá a condición de fillo ou de menor a cargo polo mero feito de realizar un traballo lucrativo por conta propia ou allea sempre que continúe vivindo co beneficiario da prestación e que os ingresos anuais do causante, en concepto de rendementos do traballo, non superen o 100 por cento do salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual.

Tal condición manterase aínda que a afiliación do causante como traballador supoña o seu encadramento nun réxime da Seguridade Social distinto a aquel en que estea afiliado o beneficiario da prestación.

b) Nunha prestación económica de pagamento único a prezo fixado por nacemento ou adopción de fillo, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade.

c) Nunha prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiples.

Artigo 352. *Beneficiarios.*

1. Terán dereito á asignación económica por fillo ou menor a cargo os/as que:

a) Residan legalmente en territorio español.

b) Teñan ao seu cargo fillos ou menores en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción en quen concorran as circunstancias sinaladas na letra a) do artigo anterior e que residan en territorio español.

Nos casos de separación xudicial ou divorcio, o dereito a percibir a asignación conservarase para o pai ou a nai polos fillos ou menores que teña ao seu cargo.

c) Non teñan dereito, nin o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social.

2. Serán, así mesmo, beneficiarios da asignación que, de ser o caso e en razón deles, correspondese aos seus pais:

a) Os orfos de pai e nai, menores de dezoito anos ou maiores da dita idade e que sexan persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

b) Os que non sexan orfos e fosen abandonados polos seus pais, sempre que non se encontren en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción.

c) Os fillos con discapacidade maiores de dezoito anos cuxa capacidade non fose modificada xudicialmente e conserven a súa capacidade de obrar serán beneficiarios das asignacións que en razón deles corresponderían aos seus pais.

Artigo 353. *Contía das asignacións.*

1. A contía da asignación económica a que se refire o artigo 351.a) fixarase, no seu importe anual, na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Na dita lei, ademais da contía xeral, establecerase outra contía específica no suposto de fillo a cargo maior de dezoito anos, cun grao de discapacidade igual ou

superior ao 75 por cento e que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción á disposición adicional centésimo cuadraxésimo primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional centésimo cuadraxésimo primeira. *Creación da tarxeta social dixital.*

Un. Créase a tarxeta social dixital co obxectivo de mellorar e coordinar as políticas de protección social impulsadas polas diferentes administracións públicas.

A tarxeta social dixital destinarase aos seguintes usos:

a) A xestión dos datos identificativos das prestacións sociais públicas de contido económico e situacións subxectivas incluídas no seu ámbito de aplicación e dos seus beneficiarios, mediante a formación dun banco de datos automatizado.

b) O coñecemento coordinado e a cesión de datos entre as entidades e os organismos afectados, co fin de facilitar o recoñecemento e a supervisión das prestacións sociais públicas xestionadas por eles.

c) O acceso e a consulta das administracións públicas e doutras entidades do sector público integradas no sistema que xestionen prestacións sociais públicas de contido económico.

d) A explotación estatística coa finalidade de elaborar estudos e formular análises encamiñadas á mellora das políticas sociais públicas.

Dous. A tarxeta social dixital incluírá a información actualizada correspondente a todas as prestacións sociais contributivas, non contributivas e asistenciais, de contido económico, financiadas con cargo a recursos de carácter público, e ademais recollerá unha información sobre as situacións subxectivas previstas no número catro desta disposición adicional, e ofrecerá, conforme a dita información, funcionalidades e utilidades ás distintas administracións públicas e aos cidadáns.

Establecerase regulamentariamente o procedemento para que os cidadáns poidan utilizar as funcionalidades e utilidades da tarxeta social dixital.

Tres. Atribúese ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, a través do Instituto Nacional da Seguridade Social, a administración, a xestión e o mantemento do rexistro e do sistema informático que dará soporte á tarxeta social dixital e as funcionalidades inherentes a ela, conforme as prescricións contidas nesta disposición adicional e nas súas normas de desenvolvemento regulamentario.

Catro. As administracións públicas, entidades e organismos e empresas públicas responsables da xestión das prestacións sociais públicas de contido económico enumeradas no número dous facilitarán ao Instituto Nacional da Seguridade Social a información actualizada correspondente aos datos identificativos dos titulares das prestacións económicas, así como, en canto determinen ou condicionen o recoñecemento e mantemento do dereito a aquelas, dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros das unidades familiares, e os importes e clases das prestacións aboadas e a data de efectos da súa concesión ou recoñecemento.

Os organismos competentes dependentes do Ministerio de Facenda ou, de ser o caso, das administracións tributarias forais, dentro de cada exercicio anual e conforme o artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e a



normativa foral equivalente, están obrigados a subministrar ao Instituto Nacional da Seguridade Social información relativa aos niveis de renda dos cidadáns afectados que se beneficien de prestacións sociais públicas de contido económico, para o cal o dito instituto remitirá o ficheiro de beneficiarios á Administración tributaria que corresponda en cada caso para que esta inclúa para cada perceptor o seu nivel de renda.

Pola súa vez, as administracións públicas, entidades e organismos con competencias de xestión ou de coordinación estatal en materia de discapacidade, dependencia, demanda de emprego, familia numerosa e calquera outra situación subxectiva relevante, que así se determine regulamentariamente, facilitarán ao Instituto Nacional da Seguridade Social a información actualizada sobre estas situacións en relación con todos os cidadáns afectados.

As anteriores previsións desenvolveranse conforme o principio de cooperación entre administracións públicas ao servizo do interese xeral.

Cinco. As administracións públicas, entidades e organismos responsables da xestión das prestacións sociais públicas definidas no punto dous terán acceso a toda a información da tarxeta social dixital. Así mesmo, o cidadán terá acceso a toda a información rexistrada sobre a súa persoa na tarxeta social dixital.

Seis. O tratamento de datos previsto na tarxeta social dixital baséase no interese público que representa dispoñer dun sistema informático integrado no cal se recollan todas as prestacións sociais públicas de contido económico e situacións subxectivas relevantes que afecten os cidadáns. A información contida na tarxeta someterase á normativa vixente en materia de protección de datos das persoas físicas.

Sete. As prestacións sociais públicas de carácter económico definidas no punto dous incorporaranse de forma gradual á tarxeta social dixital de acordo cos prazos, requisitos e procedementos que se establezan mediante norma regulamentaria.

Oito. Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta disposición adicional.»

Dous. Dáse nova redacción á disposición transitoria terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria terceira. *Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.*

O Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, constituído no Instituto Nacional da Seguridade Social e xestionado por el, manterase en vigor nos termos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como no Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, dando servizo ás entidades, organismos e empresas incluídos no catálogo a que se refire o artigo 9 do citado real decreto, ata a data que se determine na norma regulamentaria que, en desenvolvemento da disposición adicional centésimo cuadraxésimo primeira desta lei, regule a tarxeta social dixital.

A partir da súa posta en funcionamento, quedará integrado na tarxeta social dixital o contido do actual Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, regulado polo artigo 72 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e polo Real decreto 397/1996, do 1 de marzo.»

Disposición derradeira sexta. *Financiamento dos gastos derivados das funcións que poidan desenvolver as entidades locais en aplicación do artigo 22 deste real decreto lei.*

1. Os gastos que deriven da aplicación do artigo 22 deste real decreto lei deberán ser financiados polas entidades locais exclusivamente con cargo aos ingresos correntes que prevexan obter no mesmo exercicio en que se inicie o procedemento regulado naquel precepto, sen que se poida exceder o superávit previsto ao pechar o exercicio conforme a información de execución do orzamento, e poderase utilizar como referencia a que, con periodicidade trimestral, se remite ao Ministerio de Facenda en cumprimento da Orde

HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Sen prexuízo da aplicación do artigo 12 desta última, para determinar en relación co exercicio 2020 a situación de incumprimento para os efectos do artigo 21.1 da citada lei orgánica, terase en consideración, con carácter excepcional, se aquela estivo causada polo gasto a que se refire esta disposición derradeira en que incorran as entidades locais.

2. O importe das obrigacións recoñecidas polas entidades locais polo gasto adicional consecuencia da execución das funcións a que se refire esta disposición non poderá superar, en cada unha daquelas en cada exercicio de vixencia do respectivo convenio de colaboración suscrito de acordo co artigo 22 do real decreto lei, o 5 por cento do total das que se recoñecesen no exercicio anterior polo capítulo 1, gastos de persoal, correspondentes á política de gasto 23. Servizos sociais e promoción social, da estrutura dos orzamentos das entidades locais, aprobada pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro.

3. As corporacións locais subministrarán ao Ministerio de Facenda, con periodicidade trimestral, información específica relativa á execución das funcións a que se refire esta disposición e incluirán, en todo caso, a correspondente ao gasto realizado. Para estes efectos, habilítase o órgano competente do Ministerio de Facenda para determinar os modelos de formularios normalizados para capturar aquela información e ditar, de ser o caso, as instrucións ou resolucións que resulten necesarias para a concreción, procedemento e prazo de remisión da información que se vai subministrar.

A remisión da información económico-financiera de cada corporación local será realizada pola intervención ou unidade que exerza as súas funcións, mediante sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

O Ministerio de Facenda poderá difundir ou publicar a información remitida en virtude deste real decreto lei co alcance, contido e metodoloxía que determine.

O incumprimento das obrigacións de subministración de información no que se refire aos prazos establecidos, ao correcto contido, idoneidade ou modo de envío dos datos poderá comportar a imposición das medidas previstas no artigo 20 e seguintes da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, logo de requirimento á corporación local para o seu cumprimento nun prazo de dez días hábiles. Sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que corresponda, o Ministerio de Facenda poderá dar publicidade dos requirimentos efectuados ou do incumprimento destes.

Disposición derradeira sétima. *Actualización de valores.*

Autorízase o Goberno, por proposta do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para modificar os valores previstos no número 8.3 e no anexo II, así como as porcentaxes e escalas establecidas no artigo 10.2 e no anexo I cando, atendendo á evolución das circunstancias sociais e económicas e das situacións de vulnerabilidade, así como ás avaliacións periódicas establecidas no artigo 28.3, se aprecie a necesidade da dita modificación co fin de que a prestación poida manter a súa acción protectora dirixida a previr o risco de pobreza, lograr a inclusión social e suplir as carencias de recursos económicos para a cobertura de necesidades básicas.

As propostas de modificación someteranse a consulta previa da Comisión de seguimento e do Consello consultivo do ingreso mínimo vital.

Disposición derradeira oitava. *Cláusula de salvagarda para modificacións de norma de inferior rango.*

O artigo 3, alínea p), do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, conserva o seu rango normativo como real decreto.

Disposición derradeira novena. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup>, 17.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral e débeda do Estado; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, e bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira décima. *Desenvolvemento regulamentario.*

Habílitáanse o Goberno e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

## ANEXO I

### Escala de incrementos para o cálculo da renda garantida segundo o tipo de unidade convivencia para o exercicio 2020

	Escala de incrementos
Un adulto só.	5.538 € (renda garantida para un adulto só).
Un adulto e un menor.	1,52
Un adulto e dous menores.	1,82
Un adulto e tres ou máis menores.	2,12
Dous adultos.	1,3
Dous adultos e un menor.	1,6
Dous adultos e dous menores.	1,9
Dous adultos e tres ou máis menores.	2,2
Tres adultos.	1,6
Tres adultos e un menor.	1,9
Tres adultos e dous ou máis nenos.	2,2
Catro adultos.	1,9
Catro adultos e un neno.	2,2
Outros.	2,2

## ANEXO II

**Escala de incrementos para o cálculo do límite de patrimonio aplicable segundo o tipo de unidade de convivencia**

	Escala de incrementos
Un adulto só.	16.614 € (3 veces a renda garantida para un adulto só)
Un adulto e un menor.	1,4
Un adulto e dous menores.	1,8
Un adulto e tres ou máis menores.	2,2
Dous adultos.	1,4
Dous adultos e un menor.	1,8
Dous adultos e dous menores.	2,2
Dous adultos e tres ou máis menores.	2,6
Tres adultos.	1,8
Tres adultos e un menor.	2,2
Tres adultos e dous ou máis nenos.	2,6
Catro adultos.	2,2
Catro adultos e un neno.	2,6
Outros.	2,6